



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Número 496
2 de xullo de 2019



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

I Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia (doc. núm. 49936, 10/PL-000016)

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (docs. núms. 52007) [165241](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52015) [165265](#)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 52020) [165304](#)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 52040) [165328](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

Aprobación por unanimidade con modificacións

I 31341 (10/PNC-002532)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa localización, exhumación e identificación dos restos das persoas desaparecidas de xeito forzoso e involuntario, así como das fosas onde se atopan [165235](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

I 51894 - 44036 (10/PRE-014346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do Plan estratéxico galego 2015-2020 no porto de Malpica [165332](#)



I 51893 - 44600 (10/PRE-014409)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade do porto de Malpica

[165335](#)**I 51892 - 47183 (10/PRE-014644)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas dos bateiros referidas á modificación do proxecto de construción de pantaláns no porto de Cabo de Cruz, tendo en conta a realidade actual das embarcacións, as causas das reiteradas demoras e o prazo previsto para a súa execución

[165338](#)**I 51953 - 47187 (10/PRE-014645)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 5 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa

[165340](#)**I 51952 - 47326 (10/PRE-014658)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de darlle a máxima prioridade ao arranxo da estrada PO-234, no concello de Ponte Caldelas, así como as actuacións previstas respecto da proposta do Concello para a construción dunha senda peonil-ciclista entre o lugar de Laxoso e Ponte Caldelas

[165343](#)**I 51891 - 47344 (10/PRE-014662)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e 2 máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á transferencia á empresa Ferroatlántica da concesión de aproveitamentos hidroeléctricos e a segregación das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

[165346](#)**I 51890 - 48145 (10/PRE-014746)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula e 2 máis**

Sobre as razóns da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo para non atender as reclamacións dunha veciña de Quiroga referidas á necesidade de axilizar a intervención cirúrxica que precisa para evitar quedar nunha cadeira de rodas e as actuacións previstas polo Sergas ao respecto

[165348](#)**I 51889 - 48196 (10/PRE-014753)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio**

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á existencia de conflitividade en relación coa extracción da mexilla entre colectivos de percebeiros e bateiros dedicados ao mexillón, así como as actuacións previstas para fomentar o consenso e o acordo entre os colectivos que presentan intereses diversos ao respecto [165351](#)

I 51895 - 48359 (10/PRE-014769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á posibilidade de cumprimento dos obxectivos establecidos pola Unión Europea en materia de reciclaxe de residuos municipais e implantación polos concellos dunha recollida selectiva do lixo orgánico, os mecanismos previstos para o seu alcance e a data estimada para a posta en funcionamento das once plantas de compostaxe e envases lixeiros previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia [165354](#)

I 51888 - 48565 (10/PRE-014783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2018 o programa 723A da Consellería do Mar, de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, e a súa incidencia no alcance dos obxectivos fixados en materia de remuda xeracional, así como dos reflectidos no Plan estratéxico de Galicia [165356](#)

I 51951 - 48574 (10/PRE-014785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da Consellería do Mar para deixar sen executar no ano 2018 a metade dos fondos do programa orzamentario 723C, Desenvolvemento sostible das zonas de pesca [165359](#)

I 51950 - 49187 (10/PRE-014839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas en materia de medio ambiente inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019, así como a necesidade de modificar a gobernanza da auga para converter o dereito ao seu acceso nun dereito humano [165361](#)

I 51954 - 49209 (10/PRE-014842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as supostas irregularidades existentes no concello das Somozas en materia ambiental e a realización por parte do Goberno galego de inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos e nos produtos que saen delas, así como as actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia en relación coas denuncias realizadas ao respecto nos últimos catro anos [165365](#)

I 51949 - 49253 (10/PRE-014846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis



Sobre o nivel de execución por parte do Goberno galego dos recursos procedentes do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca nos anos 2017 e 2018 [165368](#)

I 51886 - 49560 (10/PRE-014874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación do prego de condicións técnicas do novo concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, de xeito que se manteña a dotación de dous técnicos de emerxencias sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz, así como o restablecemento do seu horario de vinte e catro horas [165371](#)

I 51887 - 49547 (10/PRE-014876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para dotar o servizo de ambulancias medicalizadas de Monforte de Lemos dun técnico de emerxencias menos que no resto de Galicia, no prego de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente [165373](#)

I 51948 - 49604 (10/PRE-014878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial, a súa avaliación respecto das necesidades do sector e as propostas de actuación elaboradas nos distintos parques empresariais de Galicia, así como a publicación dos seus informes periódicos e os datos referidos á iniciativa denominada Concellos Doing Business Galicia [165376](#)

I 51885 - 49734 (10/PRE-014895)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a atención prestada nos servizos de Traumatoloxía e Neurocirurxía da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo a unha veciña de Quiroga que pode quedar en cadeira de rodas [165379](#)

I 51884 - 49750 (10/PRE-014909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo en Fisterra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019 [165382](#)

I 51883 - 49751 (10/PRE-014910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Costa da Morte nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019 [165385](#)

I 51882 - 49752 (10/PRE-014911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Coruña-Ferrol nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019 [165388](#)

I 51881 - 49754 (10/PRE-014913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo en Cedeira nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019 [165391](#)

I 51880 - 49755 (10/PRE-014914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Mariña nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019 [165394](#)

I 51879 - 49800 (10/PRE-014921)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín [165397](#)

I 51878 - 49832 (10/PRE-014926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Pontevedra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019 [165400](#)

I 51877 - 49884 (10/PRE-014932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos [165403](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia (doc. núm. 49936, 10/PL-000016)

A Mesa da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do día 1 de xullo de 2019, adoptou o seguinte acordo:

Examinados os catro escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa cualificación co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (docs. núms. 52007)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 52015)
- Do G. P. de En Marea (doc. núm. 52020)
- Do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 52040)

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, na súa sesión do 28 de xuño de 2019, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade con modificacións

- 31341 (10/PNC-002532)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa localización, exhumación e identificación dos restos das persoas desaparecidas de xeito forzoso e involuntario, así como das fosas onde se atopan

BOPG nº 312, do 30.05.2018



Sométese a votación e resulta aprobada con modificacións respecto do texto orixinal, pola unanimidade dos 11 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que:

1º. Garanta no ámbito das súas competencias que as exhumacións sexan recoñecidas dentro do marco dos dereitos humanos, e non como “achados” ou “restos” arqueolóxicos, tal e como vén sucedendo na actualidade, e que se realicen de acordo co protocolo de exhumación aprobado polo Goberno do Estado.

2º. Se aplique a Lei da memoria histórica, no seu artigo 12.2, en canto fai referencia expresa á identificación das fosas. As fosas ou os lugares onde se atopan deben estar preservadas para evitar a súa deterioración ou a súa destrución ante calquera tipo de inxerencia ou proceder urbanístico.

3º. Os familiares e/ou as asociacións correspondentes poidan recibir apoio institucional para a localización, exhumación e identificación das vítimas. Algo que, na actualidade, non sempre está a ocorrer.»

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

1.4. Procedementos de información

1.4.5. Respostas a preguntas

A Mesa do Parlamento, na súa reunión do día 28 de xuño de 2019, tivo coñecemento das respostas da Xunta de Galicia ás seguintes preguntas con resposta escrita:

Coñecemento da resposta, remisión aos deputados e publicación

- 51894 - 44036 (10/PRE-014346)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do Plan estratéxico galego 2015-2020 no porto de Malpica

- 51893 - 44600 (10/PRE-014409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade do porto de Malpica

- 51892 - 47183 (10/PRE-014644)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia



Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas dos bateiros referidas á modificación do proxecto de construción de pantaláns no porto de Cabo de Cruz, tendo en conta a realidade actual das embarcacións, as causas das reiteradas demoras e o prazo previsto para a súa execución

- 51953 - 47187 (10/PRE-014645)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa

- 51952 - 47326 (10/PRE-014658)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de darlle a máxima prioridade ao arranxo da estrada PO-234, no concello de Ponte Caldelas, así como as actuacións previstas respecto da proposta do Concello para a construción dunha senda peonil-ciclista entre o lugar de Laxoso e Ponte Caldelas

- 51891 - 47344 (10/PRE-014662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á transferencia á empresa Ferroatlántica da concesión de aproveitamentos hidroeléctricos e a segregación das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroalixes

- 51890 - 48145 (10/PRE-014746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre as razóns da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo para non atender as reclamacións dunha veciña de Quiroga referidas á necesidade de axilizar a intervención cirúrxica que precisa para evitar quedar nunha cadeira de rodas e as actuacións previstas polo Sergas ao respecto

- 51889 - 48196 (10/PRE-014753)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio

Sobre a opinión da Xunta de Galicia referida á existencia de conflitividade en relación coa extracción da mexilla entre colectivos de percebeiros e bateiros dedicados ao mexillón, así como as actuacións previstas para fomentar o consenso e o acordo entre os colectivos que presentan intereses diversos ao respecto

- 51895 - 48359 (10/PRE-014769)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego referida á posibilidade de cumprimento dos obxectivos establecidos pola Unión Europea en materia de reciclaxe de residuos municipais e implantación polos



concellos dunha recollida selectiva do lixo orgánico, os mecanismos previstos para o seu alcance e a data estimada para a posta en funcionamento das once plantas de compostaxe e envases lixeiros previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia

- 51888 - 48565 (10/PRE-014783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2018 o programa 723A da Consellería do Mar, de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, e a súa incidencia no alcance dos obxectivos fixados en materia de remuda xeracional, así como dos reflectidos no Plan estratéxico de Galicia

- 51951 - 48574 (10/PRE-014785)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre as razóns da Consellería do Mar para deixar sen executar no ano 2018 a metade dos fondos do programa orzamentario 723C, Desenvolvemento sostible das zonas de pesca

- 51950 - 49187 (10/PRE-014839)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas en materia de medio ambiente inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019, así como a necesidade de modificar a gobernanza da auga para converter o dereito ao seu acceso nun dereito humano

- 51954 - 49209 (10/PRE-014842)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as supostas irregularidades existentes no concello das Somozas en materia ambiental e a realización por parte do Goberno galego de inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos e nos produtos que saen delas, así como as actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia en relación coas denuncias realizadas ao respecto nos últimos catro anos

- 51949 - 49253 (10/PRE-014846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o nivel de execución por parte do Goberno galego dos recursos procedentes do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca nos anos 2017 e 2018

- 51886 - 49560 (10/PRE-014874)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da modificación do prego de condicións técnicas do novo concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, de xeito que se manteña a dotación de dous técnicos de emerxencias sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz, así como o restablecemento do seu horario de vinte e catro horas



- 51887 - 49547 (10/PRE-014876)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e 2 máis

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para dotar o servizo de ambulancias medicalizadas de Monforte de Lemos dun técnico de emerxencias menos que no resto de Galicia, no prego de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente

- 51948 - 49604 (10/PRE-014878)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial, a súa avaliación respecto das necesidades do sector e as propostas de actuación elaboradas nos distintos parques empresariais de Galicia, así como a publicación dos seus informes periódicos e os datos referidos á iniciativa denominada Concellos Doing Business Galicia

- 51885 - 49734 (10/PRE-014895)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula

Sobre a atención prestada nos servizos de Traumatoloxía e Neurocirurxía da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo a unha veciña de Quiroga que pode quedar en cadeira de rodas

- 51884 - 49750 (10/PRE-014909)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo en Fisterra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 51883 - 49751 (10/PRE-014910)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Costa da Morte nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 51882 - 49752 (10/PRE-014911)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Coruña-Ferrol nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 51881 - 49754 (10/PRE-014913)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo en Cedeira nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019



- 51880 - 49755 (10/PRE-014914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Mariña nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 51879 - 49800 (10/PRE-014921)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais existentes no Hospital Comarcal de Verín

- 51878 - 49832 (10/PRE-014926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre os datos referidos ás actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na ría de Pontevedra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019

- 51877 - 49884 (10/PRE-014932)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO
NATURAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000016).**

Emenda nº1, de Modificación. Proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia

Modificación da denominación da lei que pasaría a ser: "Proxecto de lei do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia".

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 1

No artigo 1, cambiar o texto: "mellora e restauración do patrimonio natural e a biodiversidade", por: "mellora e restauración do patrimonio natural, da biodiversidade e da xeodiversidade".

Emenda nº3, ao apartado d), de Modificación. Artigo 2

No artigo 2, d) substituír: "beleza", por: "valor".

Emenda nº4, ao apartado f), de Adición. Artigo 2

No apartado f) do artigo 2, engadir in fine: "e sobre os plans e programas sectoriais".

Emenda nº5, ao apartado l), de Modificación. Artigo 2



No apartado l) do artigo 2 cambiar: “cambio climático”, por:
“emerxencia climática”.

Emenda nº6, ao apartado m), de Modificación. Artigo 2

No apartado m) do artigo 2, cambiar o texto do proxecto polo seguinte: “A contribución dos espazos naturais e seminaturais ao desenvolvemento sostíbel do territorio”.

Emenda nº7, ao apartado ñ), de Supresión. Artigo 2

No apartado ñ) do artigo 2 suprimir: “de aves” e “habida conta das esixencias económicas e recreativas”.

Emenda nº8, ao apartado ñ) bis), de Adición. Artigo 2

Engadir unha nova letra ñ) bis co seguinte texto:
“ñ) bis. A dinamización socioeconómica dos espazos naturais protexidos e das súas áreas de influencia.”

Emenda nº9, ao apartado ñ) ter), de Adición. Artigo 2

No artigo 2 engadir unha letra ñ) ter, co seguinte texto:
“ñ) ter. O desenvolvemento da medidas para favorecer a conectividade e a restauración ecolóxicas.”

Emenda nº10, ao apartado ñ) quater), de Adición. Artigo 2

No artigo 2 engadir unha nova letra ñ) quater, co seguinte texto:
“ñ) quater. “A garantía da conservación das especies mediante o desenvolvemento de plans de conservación e recuperación.”



Emenda nº11, ao apartado ñ) quinquies), de Adición. Artigo 2

No artigo 2 engadir unha nova letra ñ) quinquies, co seguinte texto:

"ñ) quinquies. A socialización do patrimonio natural e a implicación da cidadanía na súa protección, conservación e mellora, fomentando o voluntariado e os acordos de custodia do territorio."

Emenda nº12, ao apartado a), de Substitución. Artigo 3

No apartado a) do artigo 3 substituír o texto: "sobre o xeito de conservalo e xestionalo", por: "co obxecto de favorecer a súa protección e conservación".

Emenda nº13, ao apartado a), de Modificación. Artigo 3

No apartado a) do artigo 3 substituír: "tendo", por: "e teñen".

Emenda nº14, ao apartado b), de Supresión. Artigo 3

No apartado b) do artigo 3 suprimir a expresión: "entre outras cousas".

Emenda nº15, ao apartado f), de Adición. Artigo 3

No apartado f) do artigo 3 engadir, despois de "usuarias", o seguinte: "e as entidades de custodia".

Emenda nº16, ao apartado ñ), de Supresión. Artigo 3

No apartado ñ) do artigo 3, suprimir o texto: "Tamén lugares que destacan polos seus valores arqueolóxicos, ecolóxicos ou culturais relacionados coa xea".



Emenda nº17, ao apartado ñ), de Modificación. Artigo 3

No apartado ñ) do artigo 3 substituír: "beleza", por: "valor".

Emenda nº18, ao apartado o), de Supresión. Artigo 3

Suprimir o apartado o) do artigo 3.

Emenda nº19, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 6

No apartado 1 do artigo 6, substituír: "fomentará", por: "promoverá e colaborará na".

Emenda nº20, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

No apartado 2 do artigo 6, engadir despois de: "naturais", o seguinte: "ou noutros espazos de interese ecolóxico".

Emenda nº21, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 6

No apartado 3 do artigo 6, substituir: "e a integración dos sectores socioeconómicos nesta conservación": por: "e a integración da sociedade nesta conservación".

Emenda nº22, ao apartado 3, de Adición. Artigo 6

No apartado 3 do artigo 6, engadir: "sen ánimo de lucro", despois de: "privadas".

Emenda nº23, ao apartado 3, de Adición. Artigo 7



Engadir un novo apartado 3 no artigo 7 co seguinte texto:
"7.3. A consellería competente en materia de medio ambiente promoverá a actualización e dotará de financiamento a Estratexia galega de educación ambiental".

Emenda nº24, ao apartado 1, de Adición. Artigo 8

No apartado 1 do artigo 8, engadir: "e á xeodiversidade",
despois de: "biodiversidade".

Emenda nº25, de Substitución. Artigo 10

No artigo 10 substituír o título: "Financiamento", por: "Fondo
para o patrimonio natural e da biodiversidade".

Emenda nº26, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 10

No apartado 2 do artigo 10, substituír o texto inicial polo
seguinte:
"Para garantir o cumprimento do establecido nesta lei créase o
Fondo para o patrimonio natural e a biodiversidade que se
dotará polas seguintes vías".

Emenda nº27, ao apartado 2.g) bis), de Adición. Artigo 10

Engadir un novo subapartado g) bis no apartado 2 do artigo 10
co seguinte texto:
"g) bis. As indemnizacións derivadas dos procedementos
sancionadores previstos na presente lei".

Emenda nº28, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 11

No apartado 1 do artigo 11, substituír: "poderá establecer", por:
"establecerá".



Emenda nº29, ao apartado 2.e), de Adición. Artigo 11

No apartado 2 do artigo 11, engadir nun novo subapartado e) co seguinte texto:

"e) Actuacións de entidades de custodia do territorio."

Emenda nº30, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 11

No apartado 3 do artigo 11, suprimir o texto:

"Exceptúanse desta prohibición os supostos previstos no artigo 84.3".

Emenda nº31, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 11

No apartado 4 do artigo 11, substituír: "cando contribúan ao desenvolvemento sostíbel das poboacións locais", por: "cando contribúan ao desenvolvemento sostíbel do territorio, ao fomento das actividades económicas e do emprego respectuosos co medio e que sexan acordes cos obxectivos de conservación".

Emenda nº32, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 12

No apartado 2 do artigo 12, suprimir a expresión que aparece repetida dúas veces: "por razón da conservación do devandito patrimonio".

Emenda nº33, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 12

No apartado 2 do artigo 12, substituír: "poderá regular", por: "regulará".

Emenda nº34, ao apartado 3, de Adición. Artigo 14

Engadir un novo apartado 3 no artigo 14, co seguinte texto:



“3. A consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural realizará un estudo sobre a posibilidade de desviar ou soterrar liñas eléctricas sempre e cando estas actuacións non afecten negativamente aos espazos, hábitas e ecosistemas protexidos”.

Emenda nº35, de Adición. Artigo 16

No apartado 3 do artigo 16, engadir in fine: “Estes códigos de boas prácticas elaboraranse no prazo máximo de un ano”.

Emenda nº36, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

Engadir un novo apartado 3 no artigo 17, co seguinte texto:

“3. Para dar cumprimento aos números anteriores, a consellaría competente en materia de conservación natural e a consellaría competente en materia agrícola elaborarán conxuntamente códigos de boas prácticas forestais que permitan compatibilizar as actuacións forestais coa conservación do patrimonio natural. Nestas boas prácticas incluírase a eliminación de especies invasoras e a prohibición de plantación de especies forestais de crecemento rápido e pirófitas nos espazos naturais e nas súas áreas de influencia”.

Emenda nº37, ao apartado 3, de Adición. Artigo 18

Engadir un novo apartado 3 no artigo 18, co seguinte texto:

“3. Para o emprazamento de parcelas destinadas a restauración do medio natural e das parcelas de de reemprazo propostas, teranse en conta os parámetros de conectividade ecolóxica e funcionalidade dos hábitas, procurando de maneira preferente a contorna de cursos de auga, humidais e áreas de relevancia para as aves. Asemade, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural informará sobre a adecuación do proxecto de restauración do medio natural”.



Emenda nº38, de Adición. Artigo 19

No artigo 19, engadir o seguinte texto in fine: "hidrolóxicas e da enerxía."

Emenda nº39, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 21

No subapartado b) do apartado 1 do artigo 21, modificar o texto do anteproxecto no seguinte sentido: "que se atopen ameazados ou que requiran unha protección especial derivada de convenios internacionais suscritos por España ou de disposicións específicas".

Emenda nº40, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 21

No apartado 2 do artigo 21, substituír o texto polo seguinte:
"2. Os espazos naturais protexidos poderán comprender solos que teñan a condición de urbanos nun instrumento de planificación urbanística aprobado á data de inicio do procedemento de declaración do espazo natural como protexido, cando se xustifique expresamente a súa inclusión por necesidades concretas de conservación."

Emenda nº41, ao apartado 2.h), de Adición. Artigo 22

Engadir un novo subapartado h) no apartado 2 do artigo 22, co seguinte texto:
"h) Microrreserva."

Emenda nº42, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 23

Suprimir o apartado 3 do artigo 23.

Emenda nº43, de Adición. Artigo 23 bis

Engadir un novo artigo 23 bis co seguinte texto:
"23 bis. Microrreservas.



As microrreservas son aqueles espazos que conteñen hábitats raros ou que constitúen o hábitat especies ameazadas e cuxa conservación resulte de especial importancia.

As microrreservas declararanse mediante decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia a proposta da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de declaración e revisión.”

Emenda nº44, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 24

No apartado 1 do artigo 24, substituír: "beleza", por: "valor".

Emenda nº45, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 24

No apartado 3 do artigo 24 suprimir o texto que está a seguir de: "procesos naturais presentes".

Emenda nº46, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 24

No apartado 5 do artigo 24, substituír a expresión: "facilitarase", por: "poderá facilitarse".

Emenda nº47, ao apartado 6, de Substitución. Artigo 24

No apartado 6 do artigo 24, substituír o texto: “coordinará a xestión destes espazos naturais protexidos” polo seguinte: “configurase como un sistema integrado e unitario de todos os espazos naturais da Comunidade Autónoma de Galicia que contén coa declaración de parque natural en virtude da normativa vixente.

A Consellería competente en materia de medio ambiente xestionará a Rede de parques naturais de Galicia a través do centro directivo a que lle atribúa as competencias en materia de conservación da natureza. A consellería competente en materia de medio ambiente convocará reunións periódicas das



persoas representantes das xuntas consultivas dos parques naturais co obxecto de tratar asuntos de interese común.”

Emenda nº48, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 25

No apartado 1 do artigo 25, substituír: "beleza", por: "valor".

Emenda nº49, ao apartado 3, de Adición. Artigo 25

No apartado 3 do artigo 25, engadir in fine o seguinte texto: “e do informe favorábel da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural.”

Emenda nº50, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 26

No apartado 3 do artigo 26, substituír o texto polo seguinte:
"3. Nos humidais protexidos limitarase con carácter xeral a explotación dos recursos naturais, salvo cando esta explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer, ou naqueles casos en que por razóns de investigación ou conservación, ou por tratarse de actividades económicas compatibles cun mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico, se permita a devandita explotación, logo de autorización administrativa e de informe favorábel da consellaría competente en materia de patrimonio cultural."

Emenda nº51, de Adición. Artigo 28

No artigo 28, engadir in fine:
“No prazo de un ano desde a aprobación desta lei, a Xunta de Galiza presentará e someterá a tramitación unha proposta de ampliación da Rede Natura 2000.”



Emenda nº52, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 35

No apartado 1 do artigo 35, substituír: "poderán dar", por:
"darán".

Emenda nº53, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 36

No apartado 1 do artigo 36, substituír: "poderán establecerse",
por: "estableceranse".

Emenda nº54, ao apartado 4, de Adición. Artigo 36

Engadir un novo punto 4 no artigo 36, co seguinte texto:
"4. Nas zonas periféricas de protección desenvolveranse plans
de protección fronte aos incendios forestais, que poderán ter a
condición de Plans Territoriais Integrados."

Emenda nº55, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 37

No apartado 1 do artigo 37, substituír: "poderán delimitar", por:
"delimitarán".

Emenda nº56, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 37

No apartado 3 do artigo 37, substituír: "podendo conceder", por:
"e promoverá".

Emenda nº57, ao apartado 5, de Adición. Artigo 37

Engadir un novo punto 5 no artigo 37, co seguinte texto:
"5. Nas áreas de influencia socioeconómica desenvolveranse
plans de dinamización promovidos pola administración
autonómica coa participación das entidades locais e do tecido
social e económico."



Emenda nº58, ao apartado 5, de Adición. Artigo 40

No apartado 5 do artigo 40, engadir despois de:
"Desenvolvemento Sostible", a expresión: "e ao Observatorio
Galego da Biodiversidade."

Emenda nº59, de Modificación. Artigo 42

No artigo 42, substituír a expresión: "poderá elaborar", por:
"elaborará".

Emenda nº60, ao apartado 3, de Adición. Artigo 44

No apartado 3 do artigo 44, engadir despois de: "información
pública", e antes de "previo", o seguinte texto: "e consulta ao
Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento
Sostibel e ao Observatorio Galego da Biodiversidade".

Emenda nº61, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 45

No apartado 2 do artigo 45, parágrafo 2, supresión do texto que
figura despois de: "no dito prazo".

Emenda nº62, ao apartado 1.a), de Supresión. Artigo 47

No apartado 1 a) do artigo 47, suprimir a expresión:
"Axeitados".

Emenda nº63, ao apartado 1.b), de Supresión. Artigo 47

No apartado 1 b) do artigo 47, suprimir a expresión
"Apropiadas".



Emenda nº64, ao apartado 1.c), de Adición. Artigo 47

Engadir un novo subapartado c) no apartado 1 do artigo 47, co seguinte texto:

“c) Medios humanos, materiais e económicos.”

Emenda nº65, ao apartado 3, de Adición. Artigo 48

Engadir un novo apartado 3 no artigo 48, co seguinte texto:

“3. O informe mencionado no apartado anterior será enviado ao Parlamento de Galicia”

Emenda nº66, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 50

Suprimir o apartado 2 do artigo 50.

Emenda nº67, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 50

Suprimir o apartado 3 do artigo 50.

Emenda nº68, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 51

No apartado 4 do artigo 51, substituír o texto polo seguinte:

“4. Poderán incluírse no ámbito de aplicación dun plan de ordenación dos recursos naturais os solos que teñan a condición de urbanos nun instrumento de planificación urbanístico aprobado á data de inicio do seu procedemento de aprobación, cando se xustifique expresamente a súa inclusión por necesidades concretas de conservación.”

Emenda nº69, ao apartado 4, de Adición. Artigo 53



No apartado 4 do artigo 53, engadir despois de: "Desenvolvemento Sostible", o seguinte: "e ao Observatorio Galego da Biodiversidade".

Emenda nº70, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 53

No apartado 6 do artigo 53, suprimir o texto: "Exceptúanse desta previsión o suposto recollido no segundo parágrafo do artigo 38.2".

Emenda nº71, ao apartado 4, de Adición. Artigo 57

No apartado 4 do artigo 57, engadir despois de: "Desenvolvemento Sostible", o seguinte: "e ao Observatorio Galego da Biodiversidade".

Emenda nº72, ao apartado 1.i), de Substitución. Artigo 60

No subapartado i) do apartado 1 do artigo 60, substituír o texto polo seguinte:

"i) Os instrumentos financeiros e os medios humanos e materiais precisos para cumprir os fins perseguidos coa declaración do espazo."

Emenda nº73, ao apartado p), de Adición. Artigo 64

No artigo 64 engadir una nova letra p) bis, co seguinte texto: "p) bis. Regulamentación dos usos e actividades permitidas, autorizables e prohibidas".

Emenda nº74, de Modificación. Artigo 67

No artigo 67, substituír: "poderán", por: "deberán"; e substituír: "designarán", por: "determinarán".



Emenda nº75, ao apartado 2, de Adición. Artigo 69

No apartado 2 do artigo 69, engadir despois de: “por non causar afección”, o seguinte texto: “sobre a integridade do espazo natural e sobre os hábitas e especies protexidos”.

Emenda nº76, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 70

No apartado 1 do artigo 70, suprimir a palabra "apreciables".

Emenda nº77, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 70

No subapartado b) do apartado 2 do artigo 70, suprimir o texto: “que figuren como sometidos a informe preceptivo na súa normativa sectorial”.

Emenda nº78, ao apartado 2.b), de Supresión. Artigo 70

No subapartado b) do apartado 2 do artigo 70, suprimir o termo "apreciable".

Emenda nº79, de Modificación. Artigo 71

No artigo 71, cambiar a expresión: "estado de conservación dos componentes clave para biodiversidade", por: "estado de conservación e a biodiversidade".

Emenda nº80, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 76

No apartado 3 do artigo 76, substituír: "poderá establecerse", por: "establecerase".



Emenda nº81, de Adición. Artigo 77

No artigo 77, engadir o seguinte texto:

“Cada xeoparque constituirá un órgano de xestión responsabel do desenvolvemento das estratexias, liñas de acción e programas e outro de participación pública, no que estean representados todos os axentes sociais so seu ámbito”.

Emenda nº82, ao apartado 6, de Supresión. Artigo 78

Suprimir o apartado 6 do artigo 78.

Emenda nº83, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 79

No apartado 1 do artigo 79, substituír: "home", por: "persoa".

Emenda nº84, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 84

No apartado 2 do artigo 84, suprimir o termo: "apreciable".

Emenda nº85, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 84

No apartado 2 do artigo 84, suprimir o parágrafo final desde: "Nos supostos previstos", e até: "avaliación ambiental."

Emenda nº86, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 84

No apartado 2 do artigo 84, substituír no segundo e terceiro parágrafo a expresión: "poderá sinalar", por: "deberá sinalar".

Emenda nº87, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 84

No apartado 3 do artigo 84, suprimir o seguinte: "e supeditado ao disposto no número 4 deste artigo."



Emenda nº88, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 84

Suprimir o apartado 4 do artigo 84.

Emenda nº89, ao apartado 5.c), de Supresión. Artigo 84

Suprimir o subapartado c) do apartado 5 do artigo 84.

Emenda nº90, de Supresión. Artigo 85

Suprimir no artigo 85 a expresión: "apreciable" en todo o texto do artigo.

Emenda nº91, ao apartado 2, de Adición. Artigo 86

No apartado 2 do artigo 86, engadir ao final despois de: "ordenación do territorio", o seguinte: "enerxía, minaría e paisaxe".

Emenda nº92, de Substitución. TÍTULO III

Na denominación do Título III, substituír: "Conservación da biodiversidade", por: "Conservación de especies e hábitats".

Emenda nº93, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 88

No apartado 3 do artigo 88, substituír o texto polo seguinte:
"3. A administración autonómica velará polo mantemento da conectividade das poboacións de flora e fauna silvestre".

Emenda nº94, ao apartado 2, de Adición. Artigo 89



No apartado 2 do artigo 89, engadir in fine: “e plantas silvestres.”

Emenda nº95, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 89

Suprimir o apartado 3 do artigo 89.

Emenda nº96, de Substitución. Sección 3ª

Na Sección 3ª do Capítulo I do Título III, substituír: "Listado", por: "Listaxe".

Emenda nº97, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 91

No apartado 4 do artigo 91, substituír: “catalogadas”, por: “incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas”.

Emenda nº98, ao apartado 2, de Adición. Artigo 92

No apartado 2 do artigo 92, engadir: "física ou xurídica", despois de: "persoa".

Emenda nº99, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 92

No apartado 3 do artigo 92, suprimir o texto:
“Estas medidas preventivas quedarán sen efecto, en todo caso, no prazo máximo de sesis meses desde a súa adopción”.

Emenda nº100, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 92

No apartado 3 do artigo 92, substituír: "poderá", por: "deberá".



Emenda nº101, ao apartado 4, de Adición. Artigo 92

No apartado 4 do artigo 92, engadir: “ao Observatorio Galego da Biodiversidade” despois de “Administración afectada”.

Emenda nº102, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 92

No apartado 5 do artigo 92, substituír: "desestimatorios", por: "estimatorios".

Emenda nº103, ao apartado 6, de Modificación. Artigo 92

No apartado 6 do artigo 92, substituír: "poderá conlevar", por: "conlevará".

Emenda nº104, ao apartado c) bis), de Adición. Artigo 93

No artigo 93 engadir unha nova letra c) bis, co seguinte texto: “c bis) A alteración ou a destrución dos seus hábitats naturais”.

Emenda nº105, ao apartado 1.a), de Modificación. Artigo 95

No subapartado a) do apartado 1 do artigo 95, substituír: “tres anos”, por: “dous anos”.

Emenda nº106, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 95

No subapartado b) do apartado 1 do artigo 95, substituír: "cinco anos", por: "tres anos".

Emenda nº107, ao apartado 1.b) bis), de Adición. Artigo 95

No apartado 1 do artigo 95, engadir un novo subapartado b) bis co seguinte texto:



"b bis) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de "en perigo crítico de extinción" conlevará, nun prazo máximo de un ano a adopción dun plan de recuperación que incluírá as medidas máis axeitadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco crítico de extinción."

Emenda nº108, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 95

No apartado 5 do artigo 95, suprimir de: "ou outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde".

Emenda nº109, ao apartado 4, de Adición. Artigo 96

No apartado 4 do artigo 96, engadir: "ao Observatorio Galego da Biodiversidade", despois de: "Administración afectada".

Emenda nº110, ao apartado g), de Adición. Artigo 98

No apartado g) do artigo 98, engadir in fine: "coa concreción dos medios económicos, humanos e materiais necesarios para levalo a cabo".

Emenda nº111, ao apartado g) bis), de Adición. Artigo 98

No artigo 98, engadir unha nova letra g) bis, co seguinte texto: "g) bis. Estratexia de comunicación e divulgación"

Emenda nº112, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 99

Suprimir o subapartado c) no apartado 1 do artigo 99.

Emenda nº113, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 99



No apartado 4 do artigo 99, substituír: "Confederación", por: "Conferencia".

Emenda nº114, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 107

No apartado 2 do artigo 107, in fine substituír: "ser sacrificados coas oportunas garantías de benestar animal", por: "ser sacrificados por razóns de saúde".

Emenda nº115, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 108

No apartado 4 do artigo 108, substituír: "poderá", por: "deberá".

Emenda nº116, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 108

No apartado 4 do artigo 108, substituír: "español", por: "galego".

Emenda nº117, de Adición. 108 bis

Engadir un novo artigo 108 bis, co seguinte texto:
"108 bis. Catálogo galego de especies exóticas invasoras
Créase o Catálogo galego de especies exóticas invasoras, cuxa estrutura e funcionamento serán desenvolvidos regulamentariamente. O Catálogo dependerá da consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural."

Emenda nº118, ao apartado 3, de Adición. Artigo 112

Engadir un novo apartado 3 no artigo 112, co seguinte texto:
"3. Para cada exemplar ou formación incluída no catálogo aprobarase un plan de protección, conservación e divulgación."



Emenda nº119, ao apartado d), de Adición. Artigo 113

Engadir no apartado d) do artigo 113 in fine, o seguinte texto:
“e o risco relacionado coa contaminación, a sobreexplotación e os incendios forestais”.

Emenda nº120, ao apartado 2.g) bis), de Adición. Artigo 115

No apartado 2 do artigo 115, engadir unha nova letra g) bis, co seguinte texto: "g) bis. O Catálogo galego de especies exóticas invasoras."

Emenda nº121, ao apartado 3, de Adición. Artigo 116

Engadir un novo apartado 3 n oartigo 116, co seguinte texto:
"3. A administración autonómica potenciará os servizos de protección, custodia e vixilancia dos recursos naturais e aumentará o cadro de persoal."

Emenda nº122, de Supresión. Artigo 121

No artigo 121, suprimir os apartados a) e b), que pasan ao artigo 122 de infraccións graves.

Emenda nº123, de Adición. Artigo 122

No artigo 122, engadir os apartados a) e b) que foron suprimidos do artigo 121.

Emenda nº124, ao apartado e) bis), de Adición. Artigo 122

No artigo 122 engadir unha nova letra e) bis, co seguinte texto:



"e) bis. Os danos aos hábitats prioritarios de interese comunitario."

Emenda nº125, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 136

No apartado 1 do artigo 136, substituír: "tres anos", por: "cinco anos"; e substituír: "cinco anos", por "dez anos".

Emenda nº126, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional segunda

No apartado 1 da Disposición adicional segunda, substituír: "dous anos", por: "un ano".

Emenda nº127, ao apartado 2, de Modificación. Disposición adicional segunda

No apartado 2 da Disposición adicional segunda, substituír: "desestimatorios", por: "estimatorios".

Emenda nº128, de Supresión. Disposición transitoria sexta

Supresión da Disposición transitoria sexta.

Emenda nº129, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Suprimir a Disposición derradeira primeira.

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 52007
Data envío: 27/06/2019 16:25:06.070

Xosé Luis Bará Torres na data 27/06/2019 16:24:42

Ana Pontón Mondelo na data 27/06/2019 16:24:54

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO
NATURAL DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000016).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Débese engadir ao final do artigo 1 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...facendo efectivo o dereito constitucional das
persoas ao disfrute dun medio ambiente adecuado."

Emenda nº2, ao apartado b bis), de Adición. Artigo 2

Débese engadir unha nova alínea b no artigo 2, que quedará
redactada co seguinte contido:
"b bis) A integración dos requisitos da conservación, uso
sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e a
biodiversidade nas políticas sectoriais e, en particular, na toma
de decisións no ámbito político, económico e social."

Emenda nº3, ao apartado f, de Adición. Artigo 2

Débese engadir ao final da alínea f o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...así como calquera outra ordenación sectorial
que poida incidir sobre o patrimonio natural e os supostos
básicos de dita prevalencia."

Emenda nº4, ao apartado h, de Adición. Artigo 2

Débese engadir na alínea h) do artigo 2 o seguinte contido:
Despois de: "...da información...", engadir: "...accesible e
gratuíta...".

Emenda nº5, ao apartado n, de Adición. Artigo 2



Débese engadir ao final da alínea n o seguinte contido:
Engadir in fine: "...compatibilizando a conservación do patrimonio natural co exercicio de actividades económicas ou de interese público."

Emenda nº6, de Adición. Artigo 2 bis.

Débese engadir un novo artigo (inmediatamente despois do artigo 2), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 2 bis. Función social e pública do patrimonio natural e da biodiversidade.

1. O patrimonio natural e a biodiversidade desempeñan unha función social relevante pola súa estreita vinculación co desenvolvemento, a saúde e o benestar das persoas e pola súa achega ao desenvolvemento social e económico. Todas as persoas teñen o deber de respectar e conservar a natureza e a obriga de reparar o dano que causen.

2. As actividades dirixidas á consecución dos obxectivos e fins da presente lei poderán ser declaradas de utilidade pública ou interese social, a todos os efectos e, en particular, aos de expropiación, respecto dos bens ou dereitos que puidesen resultar afectados.

3. Na planificación e xestión dos espazos naturais protexidos e as especies ameazadas, fomentaranse os acordos de carácter voluntario coas persoas propietarias ou titulares dun dereito de uso dos recursos naturais.

4. Todos os poderes públicos, nos seus respectivos ámbitos competenciais, velarán pola conservación e o emprego racional do patrimonio natural en todo o territorio da Comunidade Autónoma, con independencia da súa titularidade ou réxime xurídico, tendo en conta especialmente os hábitats ameazados e as especies silvestres en réxime de protección especial. As Administracións Públicas:

a) Promoverán a participación e as actividades que contribúan a acadar os obxectivos da presente lei.

b) Identificarán e, na medida do posible, eliminarán ou modificarán os incentivos contrarios á conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

c) Promoverán o emprego de medidas fiscais de incentivación das iniciativas privadas de conservación da natureza e de desincentivación de aquelas con incidencia negativa sobre a conservación da biodiversidade e o uso sustentable do patrimonio natural.



d) Fomentarán, por medio de programas de formación, a educación e información xeral sobre a necesidade de protexer o patrimonio natural e a biodiversidade, procurando especial atención aos usuarios do territorio.

e) Dotaranse de ferramentas que permitan coñecer o estado de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade e das causas que determinan os seus cambios, coa fin de deseñar as medidas que proceda adoitar.

f) Integrarán nas políticas sectoriais os obxectivos e previsións necesarios para a conservación e pulo do patrimonio natural, a protección da biodiversidade e da xeodiversidade, a conservación e o uso sustentable dos recursos naturais e o mantemento e, no seu caso, a restauración da integridade dos ecosistemas.

5. As administracións públicas, no ámbito da Comunidade Autónoma, cooperarán e colaborarán en materia de conservación do patrimonio natural e da biodiversidade e se subministrarán de xeito recíproco a información que sexa necesaria para garantir o cumprimento dos obxectivos fixados na presente lei.

6. O Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible é o órgano mediante o que se xestiona a participación pública no eido da conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade, coas funcións atribuídas pola súa normativa de desenvolvemento regulamentario e garantindo, en todo caso, a participación das entidades locais, organizacións profesionais, científicas, empresariais, sindicais e ecoloxistas máis representativas no noso territorio."

Emenda nº7, ao apartado a, de Modificación. Artigo 3

Débase modificar a alínea a do artigo 3, que quedará redactado co seguinte contido:

"a) Acordo de custodia do territorio: pacto subscrito de modo voluntario entre unha persoa física ou xurídica, públicas ou privadas, propietaria ou titular dun dereito de uso sobre un territorio e unha entidade de custodia do territorio, que esta subscibe co fin de conservar ou restaurar os seus valores naturais. Estes acordos terán natureza vinculante e duración plurianual ou indefinida, podendo implicar a total transmisión da titularidade dese territorio á entidade de custodia."



Emenda nº8, de Adición. Artigo 4

Débase engadir un novo parágrafo no artigo 4, que quedará redactado co seguinte contido:

"A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural exercerá as funcións e competencias da Comunidade Autónoma de Galicia para velar polo cumprimento do obxecto da presente lei, en particular as de control, intervención administrativa, fomento e, en xeral, aquelas necesarias para lograr unha adecuada conservación do patrimonio natural."

Emenda nº9, ao apartado 2, de Adición. Artigo 6

Engadir un novo parágrafo ao final do punto 2 do artigo 6, que quedará redactado co seguinte contido:

"En calquera caso, deberán preverse os mecanismos de colaboración necesarios para que as administracións locais afectadas teñan participación e coñecemento de tales acordos."

Emenda nº10, de Adición. Artigo 9 bis.

Débase engadir un novo artigo (inmediatamente despois do artigo 9), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 9 bis. Informe sobre o estado e a estratexia de protección, conservación e mellora do patrimonio natural de Galicia.

Cada ano a Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de protección do patrimonio natural, elaborará un informe sobre o estado e a estratexia de protección, conservación e mellora do patrimonio natural de Galicia, dando conta do resultado do mesmo ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº11, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 11

Débase modificar o punto 1 do artigo 11, que quedará redactado co seguinte contido:



"1. A Administración autonómica establecerá un réxime xeral de axudas económicas, técnicas e financeiras e de medidas compensatorias para os territorios, as persoas e as entidades que se vexan afectadas polas limitacións que do cumprimento desta lei se deriven, coa fin de promover o seu desenvolvemento sostible, ao tempo que fomentará as axudas ou convenios necesarios cara a promover que as administracións locais infradotadas financeiramente podan cumprir coas obrigas indicadas.

Estas axudas terán especialmente por obxecto a promoción do desenvolvemento socioeconómico das poboacións dos espazos naturais protexidos ou das súas áreas de influencia socioeconómica, coa finalidade de contribuír á mellora da calidade de vida dos seus habitantes e ao desenvolvemento sostible nestes ámbitos."

Emenda nº12, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 11

Débese suprimir o segundo parágrafo do punto 4 do artigo 11.
Suprimir: " Administración autonómica, as administracións locais de Galicia e as entidades públicas delas dependentes deberanlle comunicar anualmente o outorgamento destas axudas ou subvencións á consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural."

Emenda nº13, de Supresión. Artigo 12

Débese suprimir o artigo 12.

Emenda nº14, de Supresión. Artigo 12

No caso de non aceptar a emenda anterior, a emenda número 12 de supresión, débese modificar o punto 2 do artigo 12, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, regulará as condicións que, por razón da conservación do devandito patrimonio, han de cumprir os usos recreativos, deportivos (especialmente motorizados), turísticos e outros usos que se desenvolvan, de maneira multitudinaria



ou non no medio natural, coa fin de compatibilizar estes usos coa conservación do patrimonio natural. Así mesmo, determinará as condicións ou regulacións en materia de turismo de observación, fotografía ou calquera outra actividade ligada coa xea e coa flora e fauna silvestres, de maneira que a execución destas actividades se realice sen ocasionar danos ou molestias ás mesmas."

Emenda nº15, de Supresión. Artigo 13

Débese suprimir o artigo 13.

Emenda nº16, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 13

No caso de non aceptar a emenda anterior, a emenda número 14 de supresión, débese engadir un novo punto no artigo 13, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. O tratamento dunha praga agrícola basearase na redacción dun informe que avale o seu motivo desencadeante como medio para determinar medidas preventivas que axuden a reducir o risco de novos episodios, o consecuente emprego de tratamentos químicos ou o destino dos recursos financeiros para o seu control."

Emenda nº17, de Supresión. Artigo 14

Débese suprimir o artigo 14.

Emenda nº18, de Adición. Artigo 14

No caso de non aceptar a emenda anterior, a emenda número 16 de supresión, débese engadir no artigo 14 o seguinte contido:

Despois de: "...avifauna...", engadir: "...e dos quirópteros..."

Emenda nº19, de Supresión. Artigo 15



Débese suprimir o artigo 15.

Emenda nº20, de Modificación. Artigo 15

No caso de non aceptar a emenda anterior, a emenda número 18 de supresión, débese modificar o artigo 15, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 15. Protección da avifauna e dos quirópteros no desenvolvemento do sector eólico

Na planificación do aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, a Administración autonómica terá en conta o disposto na normativa sectorial vixente en canto á existencia de zonas de especial protección para as aves e ás necesidades das aves migratorias e dos quirópteros."

Emenda nº21, de Supresión. Artigo 16

Débese suprimir o artigo 16.

Emenda nº22, de Supresión. Artigo 17

Débese suprimir o artigo 17.

Emenda nº23, de Supresión. Artigo 18

Débese suprimir o artigo 18.

Emenda nº24, de Supresión. Artigo 19

Débese suprimir o artigo 19.

Emenda nº25, de Modificación. Artigo 19



No caso de non aceptar a emenda anterior, a emenda número 23 de supresión, débese modificar o punto 3 do artigo 19, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. Así mesmo, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural elaborará conxuntamente coas Consellerías sectorialmente competentes códigos de boas prácticas que permitan compatibilizar as actuacións a desenvolver coa conservación do patrimonio natural."

Emenda nº26, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 21

Débese suprimir o punto 2 do artigo 21.

Emenda nº27, de Modificación. Artigo 22

Débese modificar o artigo 22, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 22. Categorías de espazos naturais protexidos

1. En función dos bens e valores a protexer, os espazos naturais protexidos regulados nesta lei clasifícanse nas seguintes categorías:

- a) Reserva natural.
- b) Parque
- c) Monumento natural.
- d) Humidal protexido.
- e) Paisaxe protexida.
- f) Zona de especial protección dos valores naturais.
- g) Áreas mariñas protexidas.
- h) Espazo natural de interese local.
- i) Espazo privado de interese natural.

2. No ámbito dun espazo natural protexido poderán coexistir distintas categorías de protección das previstas no apartado anterior de así o esixiren as súas particulares características.

3. Así mesmo, a declaración dun espazo natural protexido poderá incluír a delimitación de zonas periféricas de protección -que poderán ter carácter descontinuo- e nas que se poderán aplicar medidas específicas. As normas reguladoras dos espazos naturais protexidos, así como os seus mecanismos de planificación da xestión, determinarán os instrumentos xurídicos, financeiros e materiais que se consideren precisos para cumprir con eficacia os fins perseguidos coa súa declaración. No caso de que se solapen nun mesmo lugar distintas figuras de espazos protexidos, as normas reguladoras



dos mesmos así como os mecanismos de planificación deberán ser coordinados, ao obxecto de que os diferentes réximes aplicables en función de cada categoría constitúan un todo coherente.

4. A proposta do Consello da Xunta de Galicia, poderán impulsarse espazos naturais protexidos de carácter transfronteirizo, formados por áreas adxacentes, terrestres ou mariñas, protexidas pola Administración competente en materia de conservación da natureza e por outro organismo coas mesmas ou semellantes características de natureza estranxeira e que limite co territorio galego, mediante a subscripción dos correspondentes acordos internacionais, coa fin de garantir unha axeitada coordinación da protección das devanditas áreas."

Emenda nº28, de Adición. Artigo 22 bis.

Débase engadir un novo artigo (inmediatamente despois do artigo 22), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 22 bis. Rede galega de espazos protexidos

1. Baixo a competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, créase a Rede galega de espazos protexidos, na que estarán representados os principais ecosistemas, paisaxes ou hábitats galegos e que conterá aqueles lugares necesarios para asegurar a súa conservación.

2. A rede estará constituída tanto por aqueles espazos naturais protexidos que se declaren nalgunha das categorías do artigo anterior -agás a do apartado i)-, como tamén polos espazos designados como espazo protexido Rede Natura 2000 no territorio da Comunidade Autónoma segundo as prescricións establecidas na presente lei e demais normativa vixente na materia."

Emenda nº29, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 23

Débase suprimir todo o punto 3 do artigo 23.

Emenda nº30, de Adición. Artigo 23 bis.



Débase engadir un novo artigo (inmediatamente despois do artigo 23), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 23 bis. Refuxios de vida silvestre-microreservas

Como unha categoría específica de reservas naturais, poderán declararse como Refuxios de vida silvestre-microreservas aqueles espazos de superficie inferior a 20 hectáreas e referidos a todo ou parte do hábitat no que vive unha especie, subespecie ou poboación e que conteñan hábitats raros ou que constitúan o hábitat de especies ameazadas e cuxa conservación resulte de especial importancia.

De igual xeito, mediante a aprobación de plans poderán establecerse medidas de conservación de carácter temporal ou permanente en áreas de pequena extensión co obxecto de garantir un estado de conservación favorable para especies de flora e fauna catalogadas. Así mesmo, nas áreas críticas adoitaranse medidas de conservación e instrumentos de xestión específicos para estas áreas ou integrados noutros plans, que eviten as afeccións negativas para as especies que motivaran a designación destas áreas."

Emenda nº31, de Modificación. Artigo 24

Débase modificar o artigo 24, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 24. Parques

1. Os parques poderán ser nacionais ou naturais.
2. Os parques nacionais son aqueles espazos naturais de alto valor ecolóxico e cultural, pouco transformado pola explotación ou actividade humana que, en razón da beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna, da súa xeoloxía ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos destacados cuxa conservación merece unha atención preferente e se declaren de interese xeral do Estado.
3. Os parques nacionais serán declarados por lei aprobada polas Cortes Xerais do Estado, correspondendo á Comunidade Autónoma de Galicia a súa xestión e respectando, en todo caso, a súa normativa específica, tal e como dispón o artigo 31.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.
4. Os parques naturais son aqueles espazos naturais situados no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia de alto valor ecolóxico e cultural, pouco transformado pola explotación ou actividade humana que, en razón da beleza das



súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, da súa fauna, da súa xeoloxía ou das súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, culturais, educativos e científicos destacados cuxa conservación merece unha atención preferente e se declaren de interese xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

5. Os parques naturais serán declarados por decreto da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural debéndose respectar, en todo caso, os contidos da presente lei e demais normativa que sexa de aplicación. Así mesmo, corresponde á mesma consellería a xestión e organización dos parques naturais declarados.

6. Nos parques nacionais e naturais poderanse limitar os aproveitamentos dos recursos naturais, prohibíndose en todo caso os incompatibles coas finalidades que xustificasen a súa creación. Así mesmo, facilitarase a entrada de visitantes coas limitacións que se consideren oportunas para garantir a protección das finalidades que xustificaron a súa declaración.

7. Os parques naturais son a máxima figura legal para a protección e xestión sostible do territorio e non se poden entender nin xestionar illada e individualmente, senón segundo normas e directrices xerais únicas que aseguren a súa protección en Rede e coa colaboración e participación activa de todas as administracións responsables da xestión destes territorios. Así, a Rede de Parques Naturais de Galicia, creada polo Decreto 69/2016, do 19 de maio, será de aplicación a esta figura."

Emenda nº32, ao apartado 1, de Adición. Artigo 26

Débase engadir no punto 1 do artigo 26 a seguinte expresión:
Despois de: "...réxime natural...", engadir: "...seminatural..."

Emenda nº33, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 26

Débase modificar o punto 3 do artigo 26, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. Quedan incluídas todas as zonas húmidas que recolle o inventario de humidais de Galicia, aprobado polo Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime



xurídico dos humidais protexidos e se crea o inventario de humidais de Galicia."

Emenda nº34, ao apartado 1, de Adición. Artigo 27

Débase engadir no punto 1 do artigo 27 o seguinte contido:
Despois de: "...Convenio da paisaxe do Consello de Europa...",
engadir: "...e a Lei 7/2008, do 7 de xullo da paisaxe de Galicia...".

Emenda nº35, de Modificación. Artigo 28

Débase modificar o artigo 28, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 28. Zona de especial protección dos valores naturais

1. Considéranse zona de especial protección dos valores naturais aqueles espazos dos que, polos seus valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico, sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica.

2. Nestes espazos poderanse seguir levando a cabo de maneira ordenada os usos e as actividades tradicionais que non vulneren os valores protexidos."

Emenda nº36, de Adición. Artigo 28 bis.

Débase engadir un novo artigo (inmediatamente despois do artigo 28), que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 28 bis. Áreas mariñas protexidas

1. As áreas mariñas protexidas son espazos naturais designados para a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, incluídas as áreas intermareal e submareal que, en razón da súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial. Poderán adoitar esta categoría específica os espazos mariños nos que exista continuidade ecolóxica do ecosistema mariño cun espazo natural terrestre obxecto de protección e avalada pola mellor evidencia científica terrestre.

2. Para a conservación das áreas mariñas protexidas e dos seus valores naturais, aprobaranse plans ou instrumentos de



xestión que establezan, alo menos, medidas de conservación e regulacións de explotación dos recursos naturais que procedan."

Emenda nº37, de Adición. Capítulo I bis.

Débese engadir un novo capítulo que quedará redactado co seguinte contido:

"Capítulo I bis.

Espazos protexidos Rede Natura 2000"

Emenda nº38, de Adición. Artigo 30 bis.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 bis. Rede Natura 2000

1. A Rede Natura 2000 é unha rede ecolóxica europea constituída polos seguintes espazos na Comunidade Autónoma:

a) Lugares de Importancia Comunitaria, ata a súa transformación en Zonas Especiais de Conservación.

b) Zonas Especiais de Conservación declaradas en aplicación do artigo 6.4 da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e a flora e fauna silvestres, e demais Directivas que a modifiquen ou substitúan e do artigo 44 da lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

c) Zonas de Especial Protección para as Aves declaradas en aplicación da Directiva 79/409/CEE do Consello, do 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e demais Directivas que a modifiquen ou substitúan e do artigo 44 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, de Patrimonio Natural e da Biodiversidade.

2. A xestión de ditos espazos terá en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais.

3. Os Lugares de Importancia Comunitaria, as Zonas Especiais de Conservación e as Zonas de Especial Protección para as Aves terán a consideración de espazos protexidos, coa denominación "Espazo Protexido Rede Natura 2000", e co alcance e limitacións que a Consellería competente en materia de conservación da natureza estableza."



Emenda nº39, de Adición. Artigo 30 ter.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 ter. Lugares de Importancia Comunitaria e Zonas Especiais de Conservación

Artigo 30 ter. Lugares de Importancia Comunitaria e Zonas Especiais de Conservación

1. A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural elaborará unha lista de lugares situados no seu territorio que poidan ser declarados como zonas especiais de conservación. A proposta, que indicará os tipos de hábitats naturais e as especies autóctonas de interese comunitario existentes en devanditos lugares, someterase ao trámite de información pública. O ministerio competente en materia de Medio Ambiente proporá a lista á Comisión Europea para a súa aprobación como Lugar de Importancia Comunitaria. Dende o momento no que se envíe ao ministerio competente en materia de Medio Ambiente a lista galega dos espazos propostos como Lugares de Importancia Comunitaria, para o seu traslado á Comisión Europea, estes pasarán a ter un réxime de protección preventiva que garanta que non exista unha diminución do estado de conservación dos seus hábitats e especies ata o momento da súa declaración formal. O envío da proposta dun espazo como Lugar de Importancia Comunitaria comportará, nun prazo máximo de seis meses, facer público no Diario Oficial de Galicia os seus límites xeográficos, os hábitats e especies prioritarios presentes e o réxime preventivo que se lles aplicará.

2. As Zonas de Especial Conservación son os Lugares de Importancia Comunitaria incluídos na lista aprobada pola Comisión Europea, unha vez que sexan declarados mediante decreto pola Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº40, de Adición. Artigo 30 quater.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 quater. Zonas de Especial Protección para as Aves



A Zonas de Especial Protección para as Aves son lugares que requiren medidas de conservación especiais coa finalidade de asegurar a supervivencia e a reprodución das especies de aves, en particular, da incluídas no anexo I da Directiva 79/409/CEE e das migratorias non incluídas no citado anexo pero cuxa chegada sexa regular."

Emenda nº41, de Adición. Artigo 30 quinquies.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 quinquies. Declaración de Zonas Especiais de Conservación e das Zonas de Especial Protección para as Aves

Agás no caso dos espazos declarados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei, a Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural e previo procedemento de información pública, declarará, mediante decreto, as Zonas Especiais de Conservación e as Zonas de Especial Protección para as Aves no seu ámbito territorial. As devanditas declaracións publicaranse no Diario Oficial de Galicia incluíndo información sobre os seus límites xeográficos, os hábitats e especies polos que se declararon cada un. Delas darase conta ao ministerio competente en materia de Medio Ambiente a efectos da súa comunicación á Comisión Europea."

Emenda nº42, de Adición. Artigo 30 sexies.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 sexies. Medidas de conservación da Rede Natura 2000

1. Respecto das Zonas Especiais de Conservación e as Zonas de Especial Protección para as Aves, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural fixará as medidas de conservación necesarias que respondan ás esixencias ecolóxicas dos tipos de hábitats naturais e das especies presentes en tales áreas.

2. Deste xeito, o Plan Director de Ordenación dos Recursos Naturais da Rede Natura 2000 de Galicia é o instrumento de referencia no que se establecen as medidas de conservación básicas e necesarias e sobre o que se asenta o planeamento



ambiental nas devanditas zonas polo que, en todo caso, os seus preceptos serán respectados, prevalecendo sobre os contidos de calquera outro instrumento de ordenación territorial, ambiental ou de similar ou diferente natureza disposto sobre un espazo declarado dentro da Rede Natura 2000."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 30 septies.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 septies. Coherencia e conectividade da Rede Natura 2000

Coa fin de mellorar a coherencia ecolóxica e a conectividade da Rede Natura 2000, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, en colaboración coa consellería competente en materia de ordenación do territorio, fomentará a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos da paisaxe e áreas territoriais que resultan esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de flora e fauna silvestres."

Emenda nº44, de Adición. Artigo 30 octies.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 octies. Vixilancia e seguimento

A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural remitirá, anualmente, ao Ministerio competente en materia de Medio Ambiente información sobre as medidas de conservación, a avaliación dos seus resultados e as propostas de novas medidas a aplicar."

Emenda nº45, de Adición. Artigo 30 nonies.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 30 novies. Alteración da delimitación dos espazos protexidos ou cambio de categoría



Só poderá alterarse a delimitación de espazos naturais protexidos ou da Rede Natura 2000 reducindo a súa superficie total ou excluindo terreos dos mesmos, cando así o xustifiquen os cambios provocados entre eles pola súa evolución natural, cientificamente demostrada. A descatalogación total ou parcial dun espazo incluído en Rede Natura 2000 de Galicia só poderá propoñerse cando así o xustifiquen os cambios provocados no mesmo pola súa evolución natural, cientificamente demostrada, reflectidos nos resultados do seguimento definido no artigo anterior. En todo caso, os procedementos de alteración de delimitación de espazos ou cambio de categoría esixirán a súa aprobación mediante unha norma do mesmo rango que a da súa declaración, previo informe do Observatorio Galego de Biodiversidade, e incorporarán un trámite de información pública."

Emenda nº46, de Modificación. CAPÍTULO II

Débase modificar o título do capítulo II, que quedará redactado co seguinte contido:
"Capítulo II.
Xestión dos espazos naturais protexidos"

Emenda nº47, de Modificación. Artigo 31

Débase modificar o artigo 31, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 31. Órganos de xestión

1. A consellería competente en materia de conservación da natureza será responsable da xestión dos espazos protexidos incluídos na Rede Galega de Espazos Protexidos.
2. Para a xestión dos Parques Naturais e das Reservas, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural designará á persoa responsable da Dirección do espazo, a cal corresponderalle a xestión do espazo natural protexido e, en particular, a elaboración e proposta dos orzamentos e programas de xestión e a execución e o desenvolvemento do plan reitor de uso e xestión.
3. A xestión dos espazos de interese local corresponderalles aos Concellos dos termos municipais onde estean asentados e a xestión das áreas privadas de interese natural ás entidades ou aos particulares que propuxesen a súa declaración. En todo caso, a Consellería competente en materia de conservación do



patrimonio natural velará porque aqueles e estas cumpran as finalidades recollidas na declaración."

Emenda nº48, de Adición. Artigo 31 bis.

Débase engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 31 bis. Xunta consultiva

1. Para colaborar na xestión dos espazos naturais protexidos e canalizar a participación das persoas propietarias e os intereses sociais e económicos afectados constituirase unha xunta consultiva, órgano colexiado, de carácter asesor e adscrito á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.
 2. A composición e funcionamento da xunta consultiva estableceranse na norma de declaración de cada espazo natural protexido.
 3. A xunta consultiva estará composta polo seu presidente e o director do espazo natural protexido, asegurando, en todo caso, a representación de:
 - 1) Os concellos onde se sitúa o espazo natural protexido.
 - 2) As persoas propietarias dos terreos incluídos no espazo natural protexido.
 - 3) As persoas ou entidades que representen intereses sociais, institucionais ou económicos relevantes implicados.
 - 4) As entidades que teñan obxectivos fundamentais coincidentes coa finalidade do espazo natural protexido."
-

Emenda nº49, de Adición. Artigo 31 ter.

Débase engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 31 ter. Consello de Rede de Parques Naturais de Galicia

1. O Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia é un órgano colexiado, de carácter consultivo na xestión dos Parques Naturais, no que participarán representantes das distintas administracións públicas e organizacións sociais. O seu principal obxectivo é impulsar a coordinación das políticas sectoriais que inciden de xeito directo ou indirecto nos Parques Naturais.



2. O Consello da Rede de Parque Naturais de Galicia está adscrito á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.
3. O Consello da Rede terá as funcións, composición e réxime de funcionamento que se establezan nas súas normas de desenvolvemento."

Emenda nº50, de Adición. Artigo 31 quater.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 31 quater. Inventario Galego de Lugares de Interese Xeomorfolóxico

1. Créase o Inventario Galego de Lugares de Interese Xeomorfolóxico, no que se incluírán aqueles lugares que presenten formas xeolóxicas únicas, de especial importancia científica, singularidade ou beleza e que son representativos da historia evolutiva xeolóxica e dos eventos e procesos que as formaron, así como tamén lugares que destacan polos seus valores arqueolóxicos, ecolóxicos ou culturais relacionados coa xea ao obxecto do coñecemento, estudo e divulgación dos mesmos.

2. Este inventario, dependente da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, será obxecto de desenvolvemento regulamentario."

Emenda nº51, ao apartado a, de Adición. Artigo 32

Débese engadir na alínea a) do artigo 32 o seguinte contido:

Despois de: "...utilidade pública...", engadir: "...e interese social...".

Emenda nº52, de Adición. Artigo 32

Débese engadir un novo parágrafo ao final do artigo 32, que quedará redactado co seguinte contido:

"Anualmente, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural establecerá as dotacións



orzamentarias específicas para a planificación, a ordenación, a protección o uso e a xestión da Rede Galega de Espazos Protexidos."

Emenda nº53, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 33

Débase modificar o segundo parágrafo do artigo 33, que quedará redactado co seguinte contido:

"Quedan excluídos os inmobles sitos no solo urbano, agás previsión expresa en contrario da norma de declaración do espazo natural ou do seu instrumento de ordenación."

Emenda nº54, ao apartado 4 bis), de Adición. Artigo 33

Débase engadir un novo punto no artigo 33, que quedará redactado co seguinte contido:

"4 *bis*. En calquera caso, os dereitos de tanteo e de retracto poderanse exercer no caso que afecten a zonas consideradas como de interese preferente para a conservación do espazo natural protexido que corresponda, con excepción das seguintes transmisións:

- a) Nas transmisións de fincas de superficie igual ou inferior ás dez hectáreas, calquera que sexa a súa categoría e zonificación.
- b) Nas transmisións de fincas sitas nas zonas de uso compatible e de uso xeral dos espazos naturais protexidos.
- c) Nas transmisións de fincas en relación coas que o transmitinte formalizase coa Administración acordos ou convenios de xestión ou conservación nos que se subroga o adquirente.

No caso de fincas que cumpran de xeito parcial os dous últimos supostos, o dereito de tanteo e retracto non se exercerá se a maior parte da finca quedase afectada por algunha das causas de exclusión mencionadas."

Emenda nº55, de Modificación. Artigo 35

Débase modificar o artigo 35, que quedará redactado co seguinte contido:



"Artigo 35. Limitacións derivadas da declaración de espazo natural protexido

1. As limitacións ao uso dos bens e dereitos derivadas da declaración de espazo natural protexido ou dos seus instrumentos de ordenación previstos nesta lei darán lugar a axudas, subvencións ou outras medidas compensatorias destinadas a contribuír á súa conservación e aproveitamento sostible.

2. As limitacións ao uso dos bens e recursos derivadas da declaración de espazo natural protexido ou dos instrumentos de ordenación previstos nesta lei darán lugar a indemnización cando, asemade, concorran estes requisitos:

- a) Que a persoa titular non teña o deber xurídico de soportalas.
- b) Que incidan sobre dereitos efectivamente incorporados ao patrimonio do titular.
- c) Que afecten a usos ou aproveitamentos legal e efectivamente exercidos no momento da imposición da restrición.
- d) Que se produza unha lesión patrimonial efectiva, actual e cuantificable en termos monetarios.
- e) Que se trate de limitacións singulares non susceptibles de distribución entre as persoas afectadas."

Emenda nº56, de Modificación. Artigo 36

Débase modificar o artigo 36, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 36. Zona periférica de protección

- 1. Nas declaracións dos espazos incluídos na Rede galega de espazos protexidos poderán establecerse zonas periféricas de protección destinadas a evitar impactos ecolóxicos ou paisaxísticos procedentes do exterior.
- 2. As zonas periféricas de protección terán a consideración de espazo natural protexido.
- 3. Nas zonas periféricas de protección fomentárase a realización de actuacións que resulten compatibles coa conservación do espazo natural protexido. Nelas poderanse establecer infraestruturas de uso público que non se poidan localizar no devandito espazo natural protexido."

Emenda nº57, de Modificación. Artigo 37



Débase modificar o artigo 37, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 37. Áreas de influencia socioeconómica

1. Os procedementos de declaración de espazos naturais protexidos establecerán, se é o caso, as áreas de influencia socioeconómica. Estas áreas estarán integradas, como mínimo, polo conxunto de termos municipais onde se atope situado o espazo natural do que se trate e a súa zona periférica de protección.

2. Co obxecto de contribuír ao desenvolvemento sostible e ás melloras da calidade de vida dos seus habitantes nun contexto de desenvolvemento sostible, a Xunta de Galicia propiciará o establecemento de medidas transversais que dinamicen e poñan en valor as potencialidades endóxeas e as oportunidades que contribúan á mellora nos ámbitos do emprego e das rendas.

3. Para unha mellor aceptación e participación social, fomentárase a integración dos e das habitantes dos territorios afectados nas actividades xeradas pola protección e xestión do espazo natural.

4. A Xunta de Galicia impulsará o emprego de mecanismos de indicación xeográfica referenciada na denominación do espazo natural protexido de que se trate para os produtos, as producións artesanais, os servizos e as entidades empresariais nas áreas de influencia socioeconómica, sen prexuízo do cumprimento da lexislación específica neste eido."

Emenda nº58, de Supresión. Artigo 42

Débase suprimir todo o artigo 42.

Emenda nº59, de Supresión. Artigo 43

Débase suprimir todo o artigo 43.

Emenda nº60, ao apartado 1, de Adición. Artigo 44

Débase engadir no punto 1 do artigo 44 o seguinte contido:



Engadir despois de: "...do mesmo rango que a da súa declaración...", engadir: "...previo informe do Observatorio Galego de Biodiversidade..."

Emenda nº61, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 45

Débase suprimir no punto 1 do artigo 45 a seguinte expresión:
Suprimir: "...sensible..."

Emenda nº62, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 45

Débase suprimir no segundo parágrafo do punto 2 do artigo 45 o seguinte contido:

Suprimir: "...e entenderase desfavorable de non ser emitido neste prazo, salvo no caso dos procedementos de autorización administrativa de aproveitamentos madeireiros, que se rexerán polo establecido na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, ou na norma que a substitúa."

Emenda nº63, de Supresión. Artigo 47

Débase suprimir todo o artigo 47.

Emenda nº64, de Supresión. Artigo 48

Débase suprimir todo o artigo 48.

Emenda nº65, ao apartado c bis), de Adición. Artigo 49

Débase engadir una nova alínea no punto 1 do artigo 49, que quedará redactado co seguinte contido:
"c bis) Plans de desenvolvemento sostible."

Emenda nº66, ao apartado 1, de Adición. Artigo 50



Débese engadir ao final do punto 1 do artigo 50 o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...No tanto que dita adaptación non teña lugar, as determinacións dos plans de ordenación dos recursos naturais aplicaranse, en todo caso, prevalecendo sobre ditos instrumentos."

Emenda nº67, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 51

Débese suprimir o punto 4 do artigo 51.

Emenda nº68, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 55

Débese engadir un novo punto no artigo 55, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. Os plans reitores prevalecerán sobre o planeamento urbanístico. Cando as súas determinacións sexan incompatibles coas da normativa urbanística en vigor, esta revisarase de oficio polos órganos competentes."

Emenda nº69, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 59

Débese suprimir o punto 3 do artigo 59.

Emenda nº70, de Adición. Sección 4ª bis.

Débese engadir unha nova sección, que quedará redactada co seguinte contido:

"Sección 4ª *bis*. Plans de desenvolvemento sostible"

Emenda nº71, de Adición. Artigo 62 bis.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 62 *bis*. Concepto



1. Coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento dos parques naturais, a Xunta de Galicia propiciará o establecemento de medidas transversais que dinamicen e dean relevo as potencialidades endóxeas e as oportunidades que contribúan á mellora nos ámbitos do emprego e das rendas.
2. Os plans de desenvolvemento sostible correspóndense con aqueles instrumentos de xestión dirixidos ao desenvolvemento local e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes nun contexto de desenvolvemento sostible no espazo natural protexido e na súa área de influencia socioeconómica.
3. Os plans de desenvolvemento sostible son, en todo caso, instrumentos de referencia para as políticas sectoriais e complementarios aos plans reitores de uso e xestión, debendo existir unha coordinación entre ambos.
4. No proceso de elaboración dos plans de desenvolvemento sostible, cuxo carácter é local, garantírase a participación pública dos axentes e sectores sociais máis representativos da zona."

Emenda nº72, de Adición. Artigo 62 ter.

Débase engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 62 *ter*. Contido

1. Os plans de desenvolvemento sostible incluírán, como mínimo:
 - 1) Memoria descritiva na que se inclúa o ámbito territorial do plan e a súa realidade socioeconómica e ambiental; a súa xustificación, alcance e vixencia; así como as debilidades, aptitudes, fortalezas e oportunidades detectados que motivan a elaboración do plan.
 - 2) Obxectivos do plan que, en todo caso, deberá responder aos seguintes obxectivos mínimos e sen prexuízo de calquera outro que se puidese establecer:
 - a) Protexer e mellorar o estado da contorna natural e do patrimonio natural.
 - b) Mellorar as comunicacións e a información.
 - c) Mellorar os servizos culturais, sociais e asistenciais.
 - d) Fomentar o uso público e o turismo sostible.
 - e) Fomentar iniciativas empresariais favorecedoras de emprego.
 - 3) Programa de accións a desenvolver en relación aos obxectivos.



4) Memoria económica acerca dos custes e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación."

Emenda nº73, de Adición. Artigo 62 quater.

Débase engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 62 *quater*. Tramitación

1. A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural formulará o documento de referencia de desenvolvemento sostible, para sometelo ao informe do Consello da Rede de Parques Naturais de Galicia.
 2. Estes plans serán sometidos a estudo e información das institucións públicas con competencias sectoriais no desenvolvemento local, co obxecto de integrar as directrices de referencia das políticas sectoriais de acordo coas prioridades dos distintos departamentos.
 3. As Xuntas Consultivas dos Parques Naturais impulsarán as políticas transversais favorecedoras do desenvolvemento sostible nos ámbitos de cada Parque Natural recollidas nos plans de desenvolvemento sostible."
-

Emenda nº74, de Modificación. Artigo 67

Débase modificar o artigo 67, que quedará redactado co seguinte contido:

"Os instrumentos de planificación establecerán unha zonificación do espazo natural protexido, entendida como a delimitación de diferentes áreas para as que se designarán limitacións xerais e específicas derivadas das necesidades de conservación do espazo e dos recursos naturais presentes nel."

Emenda nº75, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 73

Débase modificar o punto 4 do artigo 73, que quedará redactado co seguinte contido:

"4. Na composición da xunta reitora acadarase unha presenza equilibrada de mulleres e homes."



Emenda nº76, ao apartado 1, de Adición. Artigo 76

Débese engadir no punto 1 do artigo 76 o seguinte contido:
Despois de: "...Poderanse propoñer...", engadir: "...ao Goberno do Estado...".

Emenda nº77, de Adición. Artigo 80

Débese engadir no primeiro parágrafo do artigo 80 o seguinte contido:
Despois de: "...proposta de declaración...", engadir: "...ao Goberno do Estado...".

Emenda nº78, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 86

Débese engadir na última liña do punto 2 do artigo 86 o seguinte contido:
Engadir despois de: "...agrícola, infraestruturas, augas...", engadir: "...minas, costas...".

Emenda nº79, de Adición. Artigo 87 bis.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:
"Artigo 87 *bis*. Fondo para a conservación do Patrimonio Natural de Galicia
1. Créase o Fondo para a Conservación do Patrimonio Natural de Galicia, co obxecto de poñer en práctica aquelas medidas dirixidas a apoiar a consecución dos obxectivos desta lei, así como a protección dos espazos naturais en cuxa financiación participe a Xunta de Galicia.
Este fondo poderá financiar accións de natureza plurianual e actuará como instrumento de cofinanciación destinado a asegurar a cohesión territorial. O fondo dotarase coas partidas asignadas nos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as dotacións que sexan obxecto de cofinanciación por aqueles instrumentos financeiros



comunitarios ou estatais destinados aos mesmos fins e con outras fontes de financiación que se establezan no futuro.

2. Serán obxectivos do Fondo:

- a) Promover, a través dos incentivos axeitados, a inversión, xestión e ordenación do patrimonio natural, a biodiversidade e a xeodiversidade en particular, a elaboración de plans, instrumentos e proxectos de xestión de espazos naturais protexidos, da Rede Natura 2000 e das áreas protexidas por instrumentos estatais ou internacionais e de ordenación dos recursos naturais, así como da conservación in situ e ex situ de especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- b) Desenvolver outras accións e crear outros instrumentos adicionais que contribúan á defensa e sustentabilidade dos espazos naturais protexidos, da Rede Natura 2000 e das áreas protexidas por instrumentos estatais ou internacionais e de ordenación dos recursos naturais, así como da conservación de especies do Catálogo Galego de Especies Ameazadas.
- c) Facer viables os modelos sustentables de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade, en especial en espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e nas áreas protexidas por instrumentos estatais ou internacionais.
- d) Contribuír á execución das medidas incluídas nas estratexias e plans de conservación de hábitats en perigo de desaparición e especies catalogadas.
- e) Instituír mecanismos financeiros destinados a facer viables os modelos de xestión sustentable en materia de actividades cinxéticas e piscícolas.
- f) Promover as funcións ecolóxicas, sociais e culturais levadas a cabo polos axentes sociais e económicos ligados aos espazos naturais protexidos e á Rede Natura 2000, así como apoiar aos servizos ambientais e de conservación dos recursos naturais.
- g) Apoiar as accións de eliminación doutros impactos graves para o patrimonio natural e a biodiversidade, en especial o control e erradicación das especies exóticas invasoras e a fragmentación dos hábitats.
- h) Financiar accións específicas de investigación aplicada, demostración e experimentación relacionadas coa conservación do patrimonio natural, a biodiversidade e a xeodiversidade.
- i) Financiar accións específicas relacionadas coa custodia do territorio.
- j) Promover o uso e o apoio á produción e comercialización de produtos procedentes de espazos naturais protexidos e de Rede Natura 2000.
- k) Promover a preservación, mantemento e fomento dos coñecementos e as prácticas de utilización consuetudinaria que



sexan de interese para a conservación e o uso sustentable do patrimonio natural e a biodiversidade mediante, entre outros procedementos, a incentivación dos axentes que os aplican.

l) Desenvolver outras accións e obxectivos complementarios que contribúan á defensa e sustentabilidade do patrimonio natural e a biodiversidade.

m) Promover a produción ecolóxica nas zonas incluídas en espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e Reservas da Biosfera.

n) Financiar accións específicas de prevención da erosión e da desertificación, preferentemente nos espazos naturais protexidos, na Rede Natura 2000 e Reservas da Biosfera.

o) Promover accións de protección, xestión e ordenación da paisaxe conforme ao disposto no Convenio Europeo da Paisaxe e na normativa vixente na materia.

p) Incentivar os estudos e prospeccións que persigan o desenvolvemento e actualización do inventario español do patrimonio natural e a biodiversidade.

q) Impulsar iniciativas de divulgación que favorezan o coñecemento e a sensibilización social pola conservación e o uso sustentable do patrimonio natural galego.

3. A xestión das axudas que se outorguen con cargo ao Fondo Estatal para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade corresponde á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, coa que previamente se terán establecido mediante convenio as medidas a cofinanciar.

4. O funcionamento do Fondo para a conservación do Patrimonio Natural de Galicia será regulado por decreto da Xunta de Galicia, a proposta da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.

5. Rexeranse pola súa normativa específica as axudas de desenvolvemento rural para actividades agrícolas, gandeiras e forestais, así como a regulación da condicionalidade das axudas da Política Agraria Común (PAC), se ben naquelas cuestións que afecten aos espazos protexidos da Rede Natura 2000 ou ao cumprimento da Directiva 79/409/CEE do Consello, de 2 de abril de 1979, relativa á conservación das aves silvestres, e da Directiva 92/43/CEE do Consello, do 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, o órgano competente nas citadas materias solicitará informe á consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural."

Emenda nº80, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 89



Débese suprimir no punto 1 do artigo 89 o seguinte contido:
Suprimir: "...animais...".

Emenda nº81, ao apartado 2, de Adición. Artigo 90

Débese engadir ao final do punto 2 do artigo 90 o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...e no mesmo deberán ser contempladas as funcións específicas que para a materia corresponden ao Observatorio Galego da Biodiversidade, creado polo Decreto 260/2007, do 13 de decembro."

Emenda nº82, ao apartado 2.a bis), de Adición. Artigo 91

Débese engadir unha nova alínea no punto 2 do artigo 91, que quedará redactado co seguinte contido:
"a *bis*) En perigo crítico de extinción: incluíranse nesta categoría aqueles taxóns ou poboacións, cando do seguimento ou avaliación do seu estado de conservación resultase que existe un risco inminente de extinción."

Emenda nº83, ao apartado 4, de Adición. Artigo 92

Débese engadir no punto 4 do artigo 92 o seguinte contido:
Engadir despois de: "...Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible...", engadir: "...e ao Observatorio Galego da Biodiversidade...".

Emenda nº84, ao apartado 5, de Supresión. Artigo 92

Débese suprimir no punto 5 do artigo 92 o seguinte contido:
Suprimir: "O silencio administrativo terá efectos desestimatorios da solicitude, no caso de que o procedemento se iniciase por solicitude dunha persoa interesada."

Emenda nº85, de Modificación. Artigo 93



Débase modificar o artigo 93, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 93. Efectos da inclusión na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia

1. A inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación na Listaxe de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia comporta as seguintes prohibicións xenéricas:

a) tratándose de plantas, fungos ou algas, a de apañalos, cortalos, mutilalos, arrancalos ou destruílos intencionadamente na natureza, así como a colleita das súas sementes, do pole ou das esporas e, no caso das especies ameazadas, tamén a destrución do seu hábitat

b) tratándose de animais, incluídas as súas larvas, as crías ou os ovos, a de calquera actuación feita co propósito de lles dar morte, capturalos, perseguilos ou molestalos, así como a destrución ou a deterioración dos seus niños, as camas ou as tobeiras e das súas áreas de reprodución, invernada ou repouso e, no caso das especies ameazadas, tamén a destrución do seu hábitat

c) en ambos os casos, a de posuír, naturalizar, transportar, vender, comerciar ou intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar exemplares vivos ou mortos, así como os seus propágulos ou restos, agás nos casos en que estas actividades, dunha forma controlada pola administración, poidan resultar claramente beneficiosas para a súa conservación, nos casos que se determinen polas normas regulamentarias aplicables.

Estas prohibicións aplicaranse a todas as fases do ciclo biolóxico destas especies, subespecies ou poboacións.

2. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de "en perigo de extinción" ou "en perigo crítico de extinción" conlevará a adopción, nun prazo máximo de tres anos, pola Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural dun plan de recuperación que inclúa as medidas máis axeitadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción.

3. A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de "vulnerable" conlevará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, a adopción pola Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural dun plan de conservación que inclúa as medidas máis axeitadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndooas viables."



Emenda nº86, de Adición. Artigo 107 bis.

Débese engadir un novo artigo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 107 bis. Rede e Rexistro Galego de Bancos de Material Biolóxico e Xenético

1. Ao obxecto de preservar o patrimonio xenético e biolóxico das especies silvestres e de integrar nos programas de conservación as operacións ex situ e in situ, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural promoverá a existencia dunha rede de bancos de material biolóxico e xenético procedente de taxóns autóctonos de flora e fauna silvestres ameazadas e en especial das especies ameazadas endémicas.

2. Créase o Rexistro Galego de Bancos de Material Biolóxico e Xenético, dependente da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, cuxo réxime xurídico, funcións e funcionamento se determinarán regulamentariamente e que, en todo caso, deberá conter toda a información actualizada sobre as coleccións de material biolóxico e xenético da fauna e flora silvestres, información que se manterá nas instalacións dos devanditos bancos."

Emenda nº87, ao apartado 8 bis), de Adición. Artigo 108

Débese engadir un novo punto no artigo 108, que quedará redactado co seguinte contido:

"8 bis. Nos procedementos de avaliación ambiental de proxectos e na restauración de espazos degradados, terase especial precaución para evitar a propagación, tanto intencionada como accidental, de especies exóticas invasoras."

Emenda nº88, ao apartado 8 ter), de Adición. Artigo 108

Débese engadir un novo punto no artigo 108, que quedará redactado co seguinte contido:

"8 ter. Co fin de garantir a conservación da diversidade xenética ou evitar a alteración de hábitats e equilibrios



ecolóxicos, elaborárase un plan galego de especies exóticas invasoras, no que se dea prioridade ás actuacións de prevención e dea resposta rápida fronte a entrada destas especies.

Así mesmo, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural creará o Catálogo galego de especies exóticas invasoras, no que se determinará para cada especie, as prohibicións e actuacións que se consideren precisas para a súa erradicación ou control, segundo proceda."

Emenda nº89, ao apartado 2 bis), de Adición. Artigo 112

Débese engadir un novo punto no artigo 112, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 bis. O réxime xurídico do Catálogo Galego de Árbores Senlleiras é o que se estableza na súa normativa de desenvolvemento."

Emenda nº90, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 116

Débese suprimir no punto 1 do artigo 116 o seguinte contido:

Suprimir: "sen prexuízo das funcións que, conforme a normativa aplicable, sexan desempeñadas por outro persoal."

Emenda nº91, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 116

Débese modificar o punto 2 do artigo 116, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. No exercicio das súas funcións, os axentes forestais, medioambientais e os demais corpos de inspección, vixilancia e control da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural terán a consideración de axentes da autoridade aos efectos do previsto no artigo 77.5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, sempre que realicen funcións de inspección e control en cumprimento desta lei e acrediten a súa condición mediante a correspondente documentación."



Emenda nº92, ao apartado a, de Modificación. Artigo 117

Débese modificar a alínea a) do artigo 117, que quedará redactada co seguinte contido:

"a) Acceder ás propiedades privadas para levar a cabo as tarefas de inspección, sempre que conste expresamente o consentimento, se acorde nun acto administrativo de inspección ou se ordene nunha resolución xudicial."

Emenda nº93, ao apartado b, de Supresión. Artigo 122

Débese suprimir na alínea b) do artigo 122 a seguinte expresión:

Suprimir: "en perigo de extinción, ou".

Emenda nº94, ao apartado c, de Supresión. Artigo 122

Débese suprimir na alínea c) do artigo 122 o seguinte contido:

Suprimir: "en perigo de extinción, ou".

Emenda nº95, ao apartado m bis), de Adición. Artigo 122

Débese engadir unha nova alínea no artigo 122, que quedará redactada co seguinte contido:

"m bis) A tenza e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo, cando estas actividades se exerzan en zonas húmidas incluídas no listado do Convenio relativo a Humedais de Importancia Internacional, na Rede Natura 2000 ou en espazos naturais protexidos."

Emenda nº96, ao apartado b, de Adición. Artigo 123

Débese engadir na alínea b) do artigo 123 o seguinte contido:

Despois de: "...especies ameazadas na categoría de...", engadir: "...«en perigo de extinción»...".

Emenda nº97, ao apartado c, de Adición. Artigo 123



Débese engadir na alínea c) do artigo 123 o seguinte contido:
Despois de: "...especies ameazadas na categoría de...",
engadir: "«en perigo de extinción»...".

Emenda nº98, ao apartado 1, de Modificación. Disposición adicional segunda

Débese modificar no punto 1 da disposición adicional segunda o seguinte contido:
Onde di: "...un prazo específico de dous anos...", debe dicir:
"...un prazo específico de un ano...".

Emenda nº99, ao apartado 2, de Supresión. Disposición adicional segunda

Débese suprimir o punto 2 da disposición adicional segunda.

Emenda nº100, de Supresión. Disposición transitoria sexta

Débese suprimir toda a disposición transitoria sexta.

Emenda nº101, ao apartado 2 bis), de Adición. Disposición derogatoria única

Débese engadir un novo punto na disposición derogatoria única, que quedará redactado co seguinte contido:
"2 bis. Queda derogada a Disposición transitoria cuarta da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental."

Emenda nº102, de Supresión. Disposición derradeira primeira

Débese suprimir toda a disposición derradeira primeira.



Emenda nº103, de Adición. Disposición derradeira segunda

Débese engadir ao final da disposición derradeira segunda o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...no prazo de un ano dende a súa entrada en vigor."

Emenda nº104, de Modificación. Disposición derradeira terceira

Débese modificar a disposición derradeira terceira, que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición derradeira terceira. Actualización dos importes das sancións

Mediante un decreto aprobado polo Consello da Xunta de Galicia poderase proceder á actualización dos importes das sancións recollidas na presente lei, que se realizará de conformidade coa normativa básica estatal en materia de desindexación."

Emenda nº105, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do segundo parágrafo do III epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...Todo co obxecto de contribuír a facer efectivo o dereito constitucional das persoas ao disfrute dun medio ambiente adecuado e a preservar a función social e pública do patrimonio natural e da biodiversidade."

Emenda nº106, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do quinto parágrafo do III epígrafe da exposición de motivos:

Engadir *in fine*: "...entre as que se recollen a realización de convenios cara a promover que as administracións locais infradotadas financeiramente podan cumprir cas obrigas medioambientais."

Emenda nº107, de Adición. Exposición de motivos



Débese engadir un novo parágrafo quinto bis no III epígrafe da exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

"Dentro deste título recóllese a obriga da elaboración periódica dun informe sobre o estado e a estratexia de protección, conservación e mellora do patrimonio natural de Galicia, a realizar pola Xunta de Galicia, a través da consellería competente en materia de protección do patrimonio natural, do cal se dará conta ao Parlamento de Galicia, así como a elaborar un código de boas prácticas que permitan compatibilizar as actuacións a desenvolver coa conservación do patrimonio natural."

Emenda nº108, de Adición. Exposición de motivos

Débes engadir ao final do segundo parágrafo do IV epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido:

Engadir *in fine*: "...A lei introduce a figura dos refuxios de vida silvestre-microrreservas, como espazos de superficie inferior a 20 hectáreas e referidos a todo ou parte do hábitat no que vive unha especie, subespecie ou poboación e que conteñan hábitats raros ou que constitúan o hábitat de especies ameazadas e cuxa conservación resulte de especial importancia."

Emenda nº109, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir un novo parágrafo noveno bis no IV epígrafe da exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tamén se introduce a creación do Inventario Galego de Lugares de Interese Xeomorfolóxico, no que se incluírán aqueles lugares que presenten formas xeolóxicas únicas, de especial importancia científica, singularidade ou beleza e que son representativos da historia evolutiva xeolóxica e dos eventos e procesos que as formaron, así como tamén lugares que destacan polos seus valores arqueolóxicos, ecolóxicos ou culturais relacionados coa xea ao obxecto do coñecemento, estudo e divulgación dos mesmos."



Emenda nº110, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir un novo parágrafo noveno ter no IV epígrafe da exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

"A lei establece neste título a realización de plans de desenvolvemento sostible coa finalidade de contribuír ao desenvolvemento dos parques naturais e nos cales a Xunta de Galicia propiciará o establecemento de medidas transversais que dinamicen e dean relevo as potencialidades endóxeas e as oportunidades que contribúan á mellora nos ámbitos do emprego e das rendas."

Emenda nº111, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir un novo parágrafo noveno quater no IV epígrafe da exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

"Cabe igualmente destacar a creación do Fondo para a Conservación do Patrimonio Natural de Galicia, co obxecto de poñer en práctica aquelas medidas dirixidas a apoiar a consecución dos obxectivos desta lei, así como a protección dos espazos naturais en cuxa financiación participe a Xunta de Galicia. Fondo que poderá financiar accións de natureza plurianual e actuará como instrumento de cofinanciación destinado a asegurar a cohesión territorial e que se dotará coas partidas asignadas nos orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, incluídas as dotacións que sexan obxecto de cofinanciación por aqueles instrumentos financeiros comunitarios ou estatais destinados aos mesmos fins e con outras fontes de financiación que se establezan no futuro."

Emenda nº112, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir un novo parágrafo sexto bis no epígrafe V da exposición de motivos, que quedará redactado co seguinte contido:

"Tamén neste título se intorduce que, ao obxecto de preservar o patrimonio xenético e biolóxico das especies silvestres e de integrar nos programas de conservación as operacións ex situ e in situ, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural promoverá a existencia dunha rede de bancos de material biolóxico e xenético procedente de taxóns



autóctonos de flora e fauna silvestres ameazadas e en especial das especies ameazadas endémicas, creando o Rexistro Galego de Bancos de Material Biolóxico e Xenético."

Emenda nº113, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir ao final do segundo parágrafo do VI epígrafe da exposición de motivos o seguinte contido:
Engadir *in fine*: "...Na disposición derradeira segunda establécese o prazo de un ano dende a entrada en vigor da lei para o seu desenvolvemento regulamentario."

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 27/06/2019
17:02:06**



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA
AO PROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO NATURAL DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000016).**

Emenda nº1, ao apartado ñ, de Supresión. Artigo 2

Débse suprimir no apartado ñ) a seguinte expresión:
"de aves"

Emenda nº2, ao apartado f), de Adición. Artigo 2

Débese engadir ao remate do apartado f) o seguinte texto:
"e sobre calqueira outra ordenación sectorial que poida incidir
sobre dito patrimonio."

Emenda nº3, ao apartado o), de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"o) Principio de non regresión: 'Segundo o cal a protección do
patrimonio natural e da biodiversidade, garantida polas
disposicións legais e regulamentarias relativas ao medio
ambiente, non poden ser obxeto máis que dunha mellora
constante, tendo en conta os coñecementos científicos e
técnicos do momento'."

Emenda nº4, ao apartado a), de Substitución. Artigo 3

Débese substituír o texto do apartado a) polo seguinte:
"a) Acordo de custodia do territorio: pacto subscrito de modo
voluntario entre unha persoa física ou xurídica, pública ou
privada propietaria ou titular dun dereito de uso sobre un
territorio e unha entidade de custodia do territorio, que esta
subscribe co fin de conservar ou restaurar os seus valores
naturais. Estes acordos terán natureza vinculante e duración



plurianual ou indefinida, podendo implicar a total transmisión da titularidade dese territorio á entidade de custodia."

Emenda nº5, ao apartado b), de Adición. Artigo 3

Débase engadir ao remate do apartado b) o seguinte texto:
"a multiplicidade de procesos e relacións ecolóxicas entre os diferentes organismo e destes co seu medio físico."

Emenda nº6, ao apartado e), de Adición. Artigo 3

Débase engadir ao remate do apartado e) o seguinte texto:
"Garantírase a conectividade de todas as especies e hábitats."

Emenda nº7, ao apartado ñ), de Substitución. Artigo 3

Débase substituír o texto do apartado ñ) polo seguinte:
"ñ) Especie exótica invasora: : As especies invasoras son animais, plantas ou outros organismos transportados e introducidos polo ser humano en lugares fóra da súa área de distribución natural e que conseguiron establecerse e dispersarse na nova rexión, onde resultan danos. Que unha especie invasora resulta danosa, significa que produce cambios importantes na composición, a estrutura ou os procesos dos ecosistemas naturais ou seminaturais, pondo en perigo a diversidade biolóxica nativa (en diversidade de especies, diversidade dentro das poboacións ou diversidade de ecosistemas)."

Emenda nº8, ao apartado o), de Supresión. Artigo 3

Débase suprimir no apartado o) o seguinte texto:
", presentando ademais un especial interese, social ou económico."

Emenda nº9, ao apartado a'), de Supresión. Artigo 3



Débese suprimir no apartado a') o seguinte texto:
", que teñen descendencia fértil, illado doutros grupos, sen intercambio xenético normal entre eles"

Emenda nº10, ao apartado m'), de Supresión. Artigo 3

Débese suprimir o apartado m')

Emenda nº11, ao apartado o'), de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:
"o) As Áreas Mariñas Protexidas son espazos naturais designados para a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, incluídas as áreas intermareal e submareal, que en razón da súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial."

Emenda nº12, de Adición. Artigo 4

Débese engadir ao remate do artigo o seguinte texto:
"As entidades locais, no ámbito das súas competencias e no marco do establecido na lexislación estatal e autonómica, poderán establecer medidas normativas ou administrativas adicionais de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade."

Emenda nº13, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 6

Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº14, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 6



Débase substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

"2. A Administración autonómica, cando sexa titular de terreos situados en espazos naturais, naturalizados ou naturalizables, poderá subscribir acordos de cesión da súa xestión, total ou parcial, a entidades de custodia do territorio.

Os acordos para a cesión da xestión terán a forma de convenio, formalizaranse por escrito e terán unha duración temporal limitada, cun máximo de 50 anos, recollendo en todo caso, o sistema de financiamento para o seu axeitado desenvolvemento e as directrices mínimas de xestión que deberán fixarse previamente nun documento de xestión. En ningún caso os devanditos acordos comportarán a transmisión da titularidade dos terreos obxecto destes."

Emenda nº15, ao apartado 4, de Adición. Artigo 6

Débase engadir ao remate do punto 4 o seguinte texto:

"Cando limite con outro Estado, coordinaranse as actuacións para conquistar os obxetivos de conservación."

Emenda nº16, de Adición. Artigo 6 ter

Débase engadir un artigo 6 ter) co seguinte texto:

"Artigo 6 ter) Oficina de soporte á custodia do territorio.

A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural creará unha oficina de soporte á custodia do territorio. As súas funcións serán: a) promover nas distintas consellerías e organismos públicos as modificacións necesarias nas normativas sectoriais e procedementos administrativos para facilitar a actuación das entidades de custodia; b) propoñer ós distintos organismos axudas públicas para o financiamento das entidades de custodia e medidas fiscais que incentiven os acordos de custodia; c) asesorar no establecemento de convenios de custodia do territorio; d) fomentar os acordos de custodia de parcelas con alto valor ambiental de titularidade da Administración; e) exercer o dereito de tanteo e retracto establecido no artigo 33; e f) facilitar en xeral a relación das entidades de custodia coa Administración autonómica e estatal."



Emenda nº17, de Adición. Artigo 6 bis

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 6 bis.- Efectos.

Decláranse de utilidade pública e de interese social as actuacións de custodia do territorio."

Emenda nº18, ao apartado 2.c), de Substitución. Artigo 11

Débese substituír o texto do apartado c) polo seguinte:

"c) Actuacións a desenvolver en áreas de presenza ou críticas para as especies ameazadas, ou en áreas con hábitats ameazados ou cualificados como prioritarios para a Unión Europea."

Emenda nº19, ao apartado 1, de Adición. Artigo 14

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:

"As liñas existentes deberán adaptarse aos mellores deseños para minimizar os riscos. Establecernase regulamentariamente as condicións e prazos de dita adaptación."

Emenda nº20, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 14

Débese engadir no punto 2, despois de "Diario Oficial de Galicia," a seguinte expresión:

"os puntos de alta incidencia de electrocucións de aves,"

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 15

Débese substituír o título do artigo polo seguinte texto:

"Artigo 15. Protección da fauna vertebrada voadora no desenvolvemento do sector eólico"

Emenda nº22, de Adición. Artigo 15



Débese engadir ao remate do artigo a seguinte expresión:
"e dos quirópteros."

Emenda nº23, ao apartado 1, de Adición. Artigo 17

Débese engadir ao remate do punto 1 o seguinte texto:
"Prohíbese o cultivo e explotación de especies que non
resulten compatibles cos obxetivos da presente lei."

Emenda nº24, ao apartado 3, de Adición. Artigo 17

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:
"3. Para dar cumprimento aos números anteriores, a
consellería competente en materia de conservación do
patrimonio natural e a consellería competente en materia
forestal elaborarán conxuntamente códigos de boas prácticas
forestais que permitan compatibilizar as actuacións forestais
coa conservación do patrimonio natural."

Emenda nº25, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 19

Débese substituír ao remate do punto 1 a seguinte expresión:
Onde di: "... das especies e dos hábitats protexidos."
Debe dicir: "das especies, dos hábitats e das formacións
xeolóxicas protexidas."

Emenda nº26, ao apartado 2, de Adición. Artigo 19

Débese engadir ao remate do punto a seguinte expresión:
"infraestructuras eléctricas."

Emenda nº37, de Adición. Artigo 19 duodecies

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:
"Artigo 19 duodecies. Usos turísticos e non consuntivos



1. As consellerías competentes en materia de turismo e de conservación do patrimonio natural, en colaboración no seu caso con outras administracións públicas, impulsarán, dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais, a implantación e desenvolvemento de modelos turísticos compatibles coa consecución dos obxectivos perseguidos por esta lei, con especial atención aos espazos incluídos na RANP. En tal sentido, favoreceranse aquelas actividades turísticas de calidade que posibiliten un coñecemento respectuoso do medio natural e que inclúan a interpretación dos recursos naturais como unha oferta dos seus servizos. Tenderase a que as actividades turísticas incidan na mellora da economía e calidade de vida das poboacións rurais en que se desenvolvan. Igualmente, potenciaranse equipamentos realizados, na medida do posible, conforme a criterios de accesibilidade universal.
2. A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá establecer normas que regulen o uso recreativo, o deportivo, o turístico e outras formas de uso no medio natural, unicamente co fin de compatibilizar os mesmos coa conservación do patrimonio natural. En especial, poderanse determinar condicións ou regulacións en materia de turismo de observación, fotografía ou calquera outra actividade ligada coa gea, fauna e flora silvestres, de forma que a execución destas actividades realícese sen ocasionar danos ou molestias ás mesmas."

Emenda nº36, de Adición. Artigo 19 undecies

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 undecies. A actividade cinexética e piscícola.

1. A actividade cinexética e piscícola estará supeditada á conservación do patrimonio natural e realizarase preferentemente a través de modelos de xestión baseados na rexeneración natural do recurso.
2. A pesca ou a caza intensivas non poderán realizarse en terreos ou masas de auga que se consideren relevantes para a conservación de especies ameazadas.
3. Salvo no marco de soltas debidamente autorizadas, queda prohibida a introdución de especies alóctonas con fins cinexéticos ou piscícolas.
4. O exercicio da caza nos terreos cinexéticos de titularidade da Administración dá Xunta de Galicia deberá ter o carácter de



modelo de xestión cinexética compatible coa conservación do patrimonio natural.

5. Nos terreos nos que a densidade de especies cinexéticas poida poñer en perigo a conservación do patrimonio natural, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá esixir aos titulares dos aproveitamentos no caso de terreos cinexéticos e aos propietarios das leiras cando se trate de terreos non cinexéticos a adopción de medidas de control das poboacións cinexéticas, así como a revisión do plan cinexético correspondente, no seu caso."

Emenda nº35, de Adición. Artigo 19 decies

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 decies) Modificación de puntos de alta sinistralidade para a fauna silvestre

Cando sexa constatada a existencia de puntos singulares nos que se produza unha alta mortalidade sobre a fauna silvestre como consecuencia da existencia ou funcionamento dalgunha infraestrutura, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural comunicarao ao seu titular para que adopte as medidas necesarias destinadas a corrixir este efecto no prazo que se estableza."

Emenda nº34, de Adición. Artigo 19 novies

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 novies) Planificación de infraestruturas

1. Na planificación de novas infraestruturas procurarase evitar a afección significativa ás áreas naturais protexidas, áreas críticas para as especies ameazadas e hábitats en perigo de desaparición. Cando exista a posibilidade de producir unha afección significativa, realizarase unha adecuada avaliación das súas repercusións. Cando dita afección considérese inevitable, deberase acreditar a inexistencia de alternativas viables ou convenientes e, no seu caso, determinaranse as medidas mitigadoras ou compensatorias correspondentes.

2. Na planificación e deseño de novas infraestruturas lineais buscarase a utilización preferente dos corredores de infraestruturas existentes, sempre que estes sexan a opción



menos impactante, garantindo, en todo caso, a súa permeabilidade para a fauna silvestre. En todo momento terase en conta a integración paisaxística."

Emenda nº33, de Adición. Artigo 19 octies

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 octies) Réxime de caudais ecolóxicos

Nos plans hidrolóxicos de conca, coa participación da consellería competente en conservación do patrimonio natural, fixarase un réxime de caudais ecolóxicos que garanta a capacidade bioxénica dos ecosistemas acuáticos, que se determinará en función da biocenose e da fixación dun biótotope dispoñible suficiente para ela. De igual maneira, estableceranse as oportunas reservas de caudal destinadas á conservación de elementos concretos do patrimonio natural."

Emenda nº32, de Adición. Artigo 19 septies

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 septies) Actuacións de encoro, corrección e encanamento

1. Con carácter xeral, nos proxectos destinados á regulación do réxime hidrolóxico e á prevención de inundacións promoverase a restauración natural dos leitos, mantendo a dinámica fluvial natural fronte ás canalizacións, procurando manter a conectividade do leito, tanto lonxitudinal como lateral, coa súa chaira de inundación.

2. Nos proxectos que inclúan accións de protección e modificación de leitos e ribeiras no medio natural, impulsarase a utilización de técnicas respectuosas co medio ambiente e o mantemento da súa dinámica natural. A autorización de dragaxes, encanamentos e rectificado de leitos requirirá informe da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.

3. Nas zonas de cola dos grandes encoros fomentarase a creación de humidais permanentes e o mantemento de hábitats adecuados para a nidificación de aves."



Emenda nº31, de Adición. Artigo 19 sexies

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 sexies) Vexetación de leitos e ribeiras

1. As administracións públicas, nas súas actuacións, preservarán e, no seu caso, mellorarán a vexetación natural dos leitos e ribeiras dos cursos de auga e das zonas húmidas ligadas a sistemas hídricos, fomentando as súas funcións como elementos crave nos procesos ecolóxicos, en especial a súa función de corredor.

2. Para modificar substancialmente a vexetación das ribeiras situadas no chan rústico será preceptiva a autorización da consellería competente en materia de patrimonio natural, sen prexuízo das competencias dos organismos de conca."

Emenda nº30, de Adición. Artigo 19 quinquies)

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 quinquies) Ecosistemas ligados á auga.

1. A importancia dos ecosistemas ligados á auga e a riqueza dos hábitats e a fauna asociados aos mesmos constitúen un dos elementos máis valiosos do patrimonio natural da Comunidade. En consonancia co anterior, a xestión dos ecosistemas acuáticos terá en conta a conservación dos seus valores ambientais e, en especial, o seu potencial bioxénico e as súas ribeiras.

2. Para iso, a consellería competente en conservación do patrimonio natural velará pola consecución dos devanditos obxectivos a través da súa participación nos procedementos de autorización ou concesión de actuacións no dominio público hidráulico."

Emenda nº29, de Adición. Artigo 19 quater)

Débase engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 quater) Planificación hidrolóxica

A participación de administración pública de Galiza no proceso de planificación hidrolóxica estará orientada á conservación dos valores bióticos que están condicionados pola xestión do recurso hídrico. En especial, buscarase garantir o mantemento



nun estado de conservación favorable das especies e hábitats ligados aos cursos ou masas de auga ou a condicións hídricas particulares."

Emenda nº28, de Adición. Artigo 19 ter)

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 ter) Plans e programas de desenvolvemento rural

1. A consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural participará no deseño e elaboración dos plans e programas de desenvolvemento rural para garantir a súa adecuación aos fins perseguidos por medio de lei.

2. Os plans ou programas de desenvolvemento rural conterán disposicións específicas destinadas á compatibilización do aproveitamento agrario coa conservación do patrimonio natural, así como á persistencia dos sistemas agrarios de alto valor natural.

3. Os plans ou programas de desenvolvemento rural que abarquen no seu ámbito territorial áreas naturais protexidas deberán conter disposicións que contribúan ao seu mantemento nun estado de conservación favorable, de acordo cos criterios establecidos para o efecto pola consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural. A aplicación de tales disposicións constituirá un criterio de prioridade na concesión de axudas e subvencións."

Emenda nº27, de Adición. Artigo 19 bis)

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 19 bis). Usos construtivos no medio natural

Os instrumentos de plan urbanístico ou de ordenación do territorio incorporarán tanto as medidas pertinentes para evitar a proliferación de usos construtivos no medio natural, en especial os non vinculados ao aproveitamento dos seus recursos naturais que poidan comprometer a conservación dos valores naturais ou paisaxísticos, como aquelas tendentes á súa adecuación á contorna."

Emenda nº38, ao apartado 2, de Supresión. Artigo 21



Débese suprimir o punto 2.

Emenda nº39, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 23

Débese suprimir o punto 3.

Emenda nº40, de Adición. Artigo 23 bis)

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 23 bis).
Microrreserva

1. As microrreservas son aqueles espazos nos que a súa declaración ten como finalidade protexer e xestionar espazos cunha superficie inferior a 20 hectáreas que conteñan hábitats raros ou ameazados, ou alberguen especies ameazadas, cuxa conservación resulte de especial importancia.

As microrreservas declararanse mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural. Regulamentariamente desenvolverase o procedemento de declaración de microrreservas e as condicións de revisión da dita declaración."

Emenda nº41, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 24

Débese suprimir no punto 3 o seguinte texto:

"Para estes efectos, a superficie do parque natural, agás en casos debidamente xustificados, terá:

- a) como mínimo, dúas mil cincocentas hectáreas nos parques naturais terrestres ou marítimo-terrestres insulares, e
 - b) como mínimo, dez mil hectáreas nos parques naturais terrestres ou marítimo-terrestres peninsulares."
-

Emenda nº42, ao apartado 4, de Adición. Artigo 26

Débese engadir un novo punto co seguinte texto



"4. Procederáse á actualización do Inventario de humidaís de Galicia nun prazo máximo de tres anos, declarando humidaís protexidos todos aqueles que cumpran as condicións do punto 1 deste artigo."

Emenda nº43, de Adición. Artigo 30 bis)

Débese engadir un novo artigo 30 bis co seguinte texto:

"Artigo 30.bis) 33 Áreas Mariñas Protexidas

1. As Áreas Mariñas Protexidas son espazos naturais designados para a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos ou xeolóxicos do medio mariño, incluídas as áreas intermareal e submareal, que en razón da súa rareza, fragilidade, importancia ou singularidade, merecen unha protección especial.

2. Para a conservación das Áreas Mariñas Protexidas e dos seus valores naturais, aprobaranse plans ou instrumentos de xestión que establezan, polo menos, as medidas de conservación necesarias e as limitacións de explotación dos recursos naturais que procedan para cada caso. "

Emenda nº44, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 33

Débese suprimir o texto do segundo paragrafo do punto 1.

Emenda nº45, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 33

Débese substituír a seguinte expresión:

Onde di: "dunha reserva natural, dun parque, dun monumento natural, dunha zona húmida protexida"

Debe dicir: "dun espazo pertencente á Rede Galega de Espazos Protexidos"

Emenda nº46, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 37

Débese substituír no punto 4 a seguinte expresión:

Onde di: "procedentes de actividades tradicionais sustentables do espazo natural"



Debe dicir: "procedentes de actividades sostíbles, tradicionais ou innovadoras, no espazo natural"

Emenda nº47, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 40

Débese substituír no punto 4 a seguinte expresión:
Onde di: ", informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días."
Debe dicir: "e ao Observatorio Galego da Biodiversidade, informes que deberán emitir, salvo disposición en contrario, no prazo máximo de trinta días."

Emenda nº48, ao apartado 3, de Substitución. Artigo 43

Débese substituír o texto do punto 3 polo seguinte:
"3. A alteración prevista neste artigo someterase ao trámite de información pública e consultas ás Administracións afectadas, ó Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e ao Observatorio Galego da Biodiversidade."

Emenda nº49, ao apartado 1.d), de Adición. Artigo 44

Débese engadir un novo apartado no punto 1:
"d) Informes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e do Observatorio Galego da Biodiversidade."

Emenda nº50, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 45

Débese engadir no segundo parágrafo do punto 2, despois de "de aproveitamentos madeireiros" a seguinte expresión:
"de especies exóticas"

Emenda nº51, de Modificación. Artigo 48

Débese engadir no punto 1, despois de "no seu ámbito competencial," a seguinte expresión:



"tanto dentro como fóra da Rede Galega de Espazos Naturais,"

Emenda nº52, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 49

Débase substituír no punto 3 a seguinte expresión:
Onde di: ", o correspondente plan de xestión."
Debe dicir: ", o correspondente plan reitor de uso e xestión."

Emenda nº53, ao apartado 4, de Supresión. Artigo 51

Débase suprimir o punto 4.

Emenda nº54, ao apartado m), de Adición. Artigo 52

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:
"m) Estratexia de comunicación e divulgación do plan."

Emenda nº55, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 53

Débase substituír no punto 4 a seguinte expresión:
Onde di: ", ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a calquera outra administración afectada; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días."
Debe dicir: "ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ao Observatorio Galego da Biodiversidade e a calquera outra Administración afectada, informe que deberán emitir, agás disposición en contrario, no prazo máximo de trinta días."

Emenda nº56, ao apartado m), de Adición. Artigo 56

Débase engadir un novo apartado co seguinte texto:
"m) Estratexia de comunicación e divulgación do plan."



Emenda nº57, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 57

Débase substituír no punto 4 a seguinte expresión:

Onde di: "ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a calquera outra administración afectada; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días."

Debe dicir: "ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, ao Observatorio Galego da Biodiversidade e a calquera outra Administración afectada, informe que deberán emitir, agás disposición en contrario, no prazo máximo de trinta días."

Emenda nº58, ao apartado 3, de Supresión. Artigo 59

Débase suprimir o punto 3.

Emenda nº59, ao apartado 1.a), de Substitución. Artigo 60

Débase substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) Delimitación do seu ámbito de protección."

Emenda nº60, de Modificación. Artigo 67

Débase substituír a seguinte expresión:

Onde di: "Os instrumentos de planificación poderán prever unha zonificación..."

Debe dicir: "Os instrumentos de planificación establecerán unha zonificación..."

Emenda nº61, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 72

Débase substituír o texto do punto 2 polo seguinte:

"2. Para a xestión de cada parque natural e de cada reserva natural, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural designará respectivas persoas que ostentaran a dirección de cada espazo. Correspóndelle á persoa que ostente a dirección, a xestión do espazo natural



protexido e, en particular, a elaboración e proposta dos orzamentos e actuacións e a execución dos instrumentos de planificación correspondentes."

Emenda nº62, ao apartado 1, de Supresión. Artigo 73

Débese suprimir o texto do segundo paragrafo do punto 1.

Emenda nº63, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 86

Débese substituír no punto 3 a seguinte expresión:
Onde di: "no prazo máximo de tres anos"
Debe dicir: "no prazo máximo de dous anos"

Emenda nº64, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 89

Débese substituír no punto 1 a seguinte expresión:
Onde di: "as especies silvestres animais,"
Debe dicir: "os animais silvestres autóctonos,"

Emenda nº65, ao apartado 2, de Substitución. Artigo 89

Débese substituír o texto do punto 2 polo seguinte:
"2.Queda igualmente prohibido posuír, naturalizar, transportar, traficar ou comerciar, intercambiar, ofertar con fins de venda ou intercambio, importar ou exportar, exemplares vivos ou mortos ou restos de animais silvestres."

Emenda nº66, ao apartado 4, de Adición. Artigo 89

Débese engadir un novo punto co seguinte texto:
"4. Prohíbese con carácter xeral o uso na caza da munición que conteña chumbo en todo o territorio de Galicia, modificando o artigo 85, punto 7, da Lei 13/2013, do 23 de decembro, de caza de Galicia."



Emenda nº67, ao apartado 2.a, de Adición. Artigo 91

Débese engadir un novo apartado no punto 2 co seguinte texto:
a) Extinta en liberdade: inclúiranse nesta categoría aqueles taxóns desaparecidos en Galicia con posterioridade ó ano 1950 nos casos en que aínda existan hábitats axeitados para o seu desenvolvemento."

Emenda nº68, ao apartado 2.a) bis), de Modificación. Artigo 91

O apartado 2.a) do proxecto de lei pasaría a ser o apartado 2.a) bis.

Emenda nº69, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 91

No punto 4 onde di:
"das especies catalogadas,"
Debe dicir: "das especies catalogadas, ou hábitats ameazados,..."

Emenda nº70, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 92

Débese substituír a seguinte expresión.
Onde di: "a calquera outra administración afectada e ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible; informe que deberán emitir, agás unha disposición en contrario, no prazo máximo de vinte días."
Debe dicir: "a calquera outra administración afectada, ao Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e ao Observatorio Galego da Biodiversidade, informe que deberán emitir, salvo disposición en contrario, no prazo máximo de trinta días."

Emenda nº71, ao apartado 1.a), de Adición. Artigo 95



Débese engadir ao remate do apartado a) a seguinte expresión:

"No caso das especies 'en perigo crítico de extinción' o período máximo será de dous anos."

Emenda nº72, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 95

Débese substituír no apartado b) a seguinte expresión:

Onde di:

"b) A inclusión dunha especie, unha subespecie ou unha poboación na categoría de 'vulnerable' comportará a adopción, nun prazo máximo de cinco anos,"

Debe dicir:

"b) A inclusión dunha especie, unha busespecie ou unha poboación na categoría de 'extinta en liberdade' ou 'vulnerable' comportará a adopción, nun prazo máximo de tres anos,"

Emenda nº73, ao apartado h), de Adición. Artigo 98

Débese engadir un apartado co seguinte texto:

"h) Estratexia de comunicación e divulgación do plan."

Emenda nº74, ao apartado 1.b), de Modificación. Artigo 99

No apartado b) débese engadir despois de: ", á pesca" a seguinte expresión: "comercial"

Emenda nº75, ao apartado 1.b), de Adición. Artigo 99

Débese engadir ao remate do apartado b) o seguinte texto:

"en calquera caso deberá estar motivada pola consellaría competente en base a mellor ciencia disponible sen que poidan existir dúbidas razoables sobre a necesidade de aplicar a excepción."

Emenda nº76, ao apartado 1.c), de Supresión. Artigo 99



Débase suprimir no apartado b) a seguinte expresión:
"carácter socioeconómico e as"

Emenda nº77, ao apartado 2, de Adición. Artigo 104

Débase engadir ao remate do punto 2 o seguinte texto:
"sempre e cando os plans de recuperación e/ou conservación
así o aconsellen baseándose na mellor ciencia disponible."

Emenda nº78, ao apartado 3, de Modificación. Artigo 104

Débase substituír a seguinte expresión:
Onde di: "Catálogo galego de especies ameazadas que
impulse a dita consellaría."
Debe dicir: "Catálogo galego de especies ameazadas que
autorice a devandita consellaría."

Emenda nº79, ao apartado 1, de Modificación. Artigo 108

Débase substituír no punto 1 o seguinte texto:
Onde di: "...especies exóticas invasoras incluídas no Catálogo
español de especies exóticas invasoras,"
Debe dicir: "especies exóticas invasores incluídas no Catálogo
Galego de Especies Exóticas Invasoras ou no Catálogo
español de especies exóticas invasoras,"

Emenda nº80, ao apartado 2, de Modificación. Artigo 108

Débase substituír a seguinte expresión:
Onde di: "2. Esta autorización outorgarase..."
Debe dicir: "2. Esta autorización poderá ser de carácter
plurianual e outorgarase..."

Emenda nº81, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 108

Débase substituír no punto 4 o seguinte texto:



Onde di: "...control e posible erradicación das especies do Catálogo español de especies exóticas invasoras,..."
" Debe dicir: "control e posible erradicación das especies do Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras e do Catálogo español de especies exóticas invasoras,..."

Emenda nº82, ao apartado 6, de Substitución. Artigo 108

Débese substituír o texto do primeiro paragrafo do punto 6 polo seguinte:

"6. A Administración autonómica adoptará medidas de control ou erradicación de especies exóticas invasoras. No marco dos plans de control e erradicación da Administración autonómica poderá incluírse a imposición da obriga de execución de tales medidas en todo o territorio afectado ás persoas responsables da introdución ou propagación. Tamén poderá incluírse a imposición da obriga de execución de tales medidas dentro dos límites das parcelas nas que se localicen ós titulares das respectivas parcelas."

Emenda nº83, de Adición. Artigo 108 bis)

Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 108 bis) Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras.

1. Créase o Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras como rexistro público de carácter administrativo dependente da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural. O contido deste catálogo desenvolverase regulamentariamente.
2. No Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras incluíranse aquelas especies alóctonas de carácter invasor, ben por ser declaradas expresamente como tales por orde da persoa titular da consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, ben por estar incluídas no Catálogo español de especies exóticas invasoras.
3. O procedemento de inclusión ou exclusión dunha especie no Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras desenvolverase regulamentariamente.
4. A inclusión dunha especie no Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras terá o efecto da aplicación do establecido nos artigos 108 e 110.



5. O regulamento do Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras establecerá o réxime sancionador polo incumprimento das obrigas previstas nel, sen prexuízo do disposto na normativa básica estatal en materia de especies alóctonas."

Emenda nº84, ao apartado 1, de Substitución. Artigo 110

Débesse substituír o texto do punto 1 polo seguinte:

"1. Prohíbese con carácter xeral, salvo que se dispoña de autorización outorgada pola consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural, a liberación de especies non autóctonas no territorio de Galicia."

Emenda nº85, ao apartado 4.b), de Modificación. Artigo 114

Débesse engadir no apartado b) a seguinte verba:

Onde di: "medidas necesarias para frear a recesión..."

Debe dicir: "medidas necesarias para recuperar, frear a frecesión..."

Emenda nº86, de Adición. Artigo 119 ter)

Débesse engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 119 ter) Canal de denuncias.

A autoridade competente en materia de conservación do patrimonio natural establecerá un canal de denuncias, comprensible e accesible a través de Internet, a fin de promover a colaboración da sociedade na función inspectora. Permitirá a comunicación de denuncias e o seu seguimento mediante a consulta da súa tramitación e consecuencias. O canal de denuncias estará dispoñible para o persoal con funcións inspectoras, quen asegurará a súa correcta atención e actualización. As denuncias tramitadas a través deste sistema atenderán ao recollido no artigo 119 bis)."

Emenda nº87, de Adición. Artigo 119 bis)



Débese engadir un novo artigo co seguinte texto:

"Artigo 119 bis) Da colaboración da sociedade na función inspectora.

A denuncia de infraccións en materia de conservación do patrimonio natural, comunicadas por persoas físicas ou xurídicas, terán asegurada a súa confidencialidade a fin de garantir o dereito á protección e indemnidade do denunciante."

Emenda nº88, ao apartado e) bis), de Adición. Artigo 121

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"e) bis. A tenencia e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo en espazos exteriores."

Emenda nº89, ao apartado a), de Substitución. Artigo 123

Débese substituír o texto do apartado a) polo seguinte:

"a) A colocación de veneno ou cebos envelenados en espazos exteriores ou as accións intencionadas que afecten gravemente a integridade dun espazo natural protexido."

Emenda nº90, ao apartado b), de Modificación. Artigo 123

Débese engadir no apartado b), despois de: "recolección, comercio," a seguinte verba:

"oferta,"

Emenda nº91, ao apartado g), de Adición. Artigo 123

Débese engadir un novo apartado co seguinte texto:

"g) A introdución de especies exóticas invasoras."

Asinado dixitalmente por:





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2019 17:20:45
Nº Rexistro: 52020
Data envío: 27/06/2019 17:20:45.320

Antón Sánchez García na data 27/06/2019 17:18:57

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO NATURAL DE
GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000016).**

Emenda nº1, ao apartado 3, de Adición. Artigo 45

Débase engadir 'in fine' o seguinte texto:

"cando se desista da súa tramitación ou cando, transcorrendo o prazo máximo para a súa tramitación, non se teña producido a súa aprobación".

Emenda nº2, ao apartado 4, de Substitución. Artigo 96

O apartado 4 debe quedar redactado do seguinte xeito:

"4. Con carácter previo á súa aprobación, o borrador do plan someterase durante un prazo dun mes aos trámites de audiencia ás persoas interesadas e información pública. "

Emenda nº3, ao apartado 4, de Modificación. Artigo 99

Débase mudar a palabra 'Confederación' por 'Conferencia'.

Emenda nº4, de Adición. Disposición transitoria sétima

Debe engadirse un novo apartado 4 a esta disposición transitoria, co seguinte contido:

"4. A consideración dos terreos derivada da modificación do artigo 2.1.c) da Lei 7/2012, do 28 de xuño pola disposición adicional segunda desta lei aplicarase aos expedientes administrativos que se atopen en tramitación á entrada en vigor da presente lei no marco dos procedementos de avaliación



ambiental nos que a condición de monte sexa determinante para a súa resolución”.

Emenda nº5, de Adición. Disposición transitoria sétima

Debe engadirse unha nova disposición transitoria oitava, co seguinte contido:

"Disposición transitoria oitava. Réxime transitorio dos terreos agrarios abandonados.

A regulación dos terreos que teñen a consideración de montes por aplicación da modificación do artigo 2.1.c) da Lei 7/2012, do 28 de xuño, non se aplicará aos terreos que cumprindo os requisitos establecidos no dito artigo foran obxecto de plantación ou de labores forestais á entrada en vigor desta lei."

Emenda nº6, de Modificación. Disposición derradeira primeira

A actual disposición derradeira primeira debe quedar renumerada como disposición derradeira terceira.

Emenda nº7, de Adición. Disposición derradeira primeira

Debe engadirse una nova Disposición derradeira primeira, co seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia

A Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, queda modificada como segue:

"Un. Engádesse un novo apartado 4 ao artigo 35 coa seguinte redacción:

"4. En todos aqueles supostos nos que a lexislación sancione o inicio da realización dun proxecto sometido a avaliación ambiental sen ter obtido previamente a correspondente declaración de impacto ambiental ou o informe de impacto ambiental, a resolución sancionadora firme, ademais da



sanción , imporá a obriga de realizar a avaliación dos posibles efectos significativos sobre o medio ambiente mediante os procedementos previstos na lexislación de avaliación ambiental.

Nestes casos , serán aplicables as especificidades previstas na lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental para as avaliacións que deban efectuarse en execución de sentenza firme.”

Dous. Modifícase o artigo 42, coa seguinte redacción:

“Artigo 42: Restauración do medio e indemnización

1. Sen prexuízo da sanción que en cada caso proceda, o infractor haberá de reparar o dano causado. A reparación e reposición dos bens terá como finalidade acadar a restauración do medio ambiente ao seu estado anterior á comisión da infracción. O órgano correspondente da administración competente para impoñer a sanción o será para esixir a restauración.

2. Se o infractor non procedera a reparar o dano causado no prazo que se lle sinale, a administración que impuxo a sanción procederá a imposición de multas coercitivas sucesivas de ata 3.000 euros cada unha, ou no seu caso á realizar a execución subsidiaria.

3. No suposto no que unha resolución administrativa sancionadora impoña o sometemento dun proxecto executado, total o parcialmente, a un procedemento de avaliación ambiental, a reparación e restauración do medio natural só procederá no caso de que así se determine na correspondente declaración de impacto ambiental ou no informe de impacto ambiental.

4. En calquera caso, o promotor do proxecto ou titular da actividade causa da infracción haberá de indemnizar polos danos e prexuízos ocasionados. A valoración dos mesmos farase pola administración, previa taxación contraditoria cando o citado responsable non dera a súa conformidade a aquela.

5. Os recursos xerados polas sancións que impoña á administración deberán destinarse integramente a accións dirixidas á mellora do medio ambiente.



6. As sancións que supoñan a suspensión de actividades ou o peche de establecementos publicaranse no «Diario Oficial de Galicia.»

Emenda nº8, de Adición. Disposición derradeira primeira

Debe engadirse unha nova disposición derradeira segunda, co seguinte contido:

“Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de Montes de Galicia

Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 2 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, queda redactada do seguinte xeito:

“Os terreos de antigo uso agrícola con ao menos 40 anos continuados de abandono, sempre que teñan adquirido sinais inequívocas de carácter forestal por existir árbores na maioría da superficie con especies por encima do 60 por cen de fracción de cabida cuberta, aplicado a escala de subparcela catastral, e formen parte de superficies continuas de ao menos 5 hectáreas, salvo que se trate de terreos que estean incluídos con ese fin nun banco de terras ou instrumento semellante .

Todo elo sen prexuízo de que os titulares destes terreos poidan solicitar o recoñecemento da consideración de monte sempre que, a xuízo da Consellería competente en materia forestal, sexan obxectivamente recuperables para fins forestais.”

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 27/06/2019 18:26:44





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44036**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“o cumprimento polo Goberno galego do Plan Estratéxico Galego 2015-2020 no porto de Malpica”**, (publicada no BOPG número 420 do 28 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A seguridade no mar e para as xentes do mar foi, é e será sempre unha prioridade e unha aposta blindada para este Goberno e para esta Consellería.

Non cabe dúbida, e aos propios mariñeiros non se lles escapa, que estamos ante un porto complexo na súa configuración e localización.

Esa complexidade deriva en dúas cuestións que estamos xa a analizar e que atinxen á esa seguridade. Por unha banda, a seguridade na saída e entrada ao peirao na propia bocana do porto e, por outra, das correntes que se xeran no interior do peirao polo propio estreitamento que o dique dispón con respecto á costa.

Non resulta sinxelo adoptar solucións para reconfigurar e mellorar un porto que naceu na súa actual disposición do dique hai máis de 80 anos, e que veu como se dispuxo a comporta hai xa máis de 50.

Por iso os técnicos, e non os políticos, están a barallar diferentes posibilidades, que xa lle foron sinaladas tanto á familia de José Ángel coma á propia confraría dende o primeiro momento.

Nestes momentos barállanse diferentes melloras coma a rebaixa da canle de acceso na comporta para gañar calado e a eliminación de rebordes que distorsionan as correntes nesa canle.

Amais, tamén se está a analizar a influencia que na axitación e correntes podería ter a ampliación do martelo do dique ou a construción dun contradique na zona de terra.



Polo tanto estamos traballando baixo o criterio dos técnicos. En definitiva, estamos traballando coma o viñemos facendo: de forma rigorosa porque aquí non valen experimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51894
Data envío: 25/06/2019 14:13:20.053

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:13:16

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **44600**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Consellería do Mar para mellorar a seguridade do porto de Malpica”**, (publicada no BOPG número 424 do 1 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A seguridade no mar e para as xentes do mar foi, é e será sempre unha prioridade e unha aposta blindada para este Goberno e para esta Consellería.

Non cabe dúbida, e aos propios mariñeiros non se lles escapa, que estamos ante un porto complexo na súa configuración e localización.

Esa complexidade deriva en dúas cuestións que estamos xa a analizar e que atinxen á esa seguridade. Por unha banda, a seguridade na saída e entrada ao peirao na propia bocana do porto e, por outra, das correntes que se xeran no interior do peirao polo propio estreitamento que o dique dispón con respecto á costa.

Non resulta sinxelo adoptar solucións para reconfigurar e mellorar un porto que naceu na súa actual disposición do dique hai máis de 80 anos, e que veu como se dispuxo a comporta hai xa máis de 50.

Por iso os técnicos, e non os políticos, están a barallar diferentes posibilidades, que xa lle foron sinaladas tanto á familia de José Ángel coma á propia confraría dende o primeiro momento.

Nestes momentos barállanse diferentes melloras coma a rebaixa da canle de acceso na comporta para gañar calado e a eliminación de rebordes que distorsionan as correntes nesa canle.

Amais, tamén se está a analizar a influencia que na axitación e correntes podería ter a ampliación do martelo do dique ou a construción dun contradique na zona de terra.



Polo tanto estamos traballando baixo o criterio dos técnicos. En definitiva, estamos traballando coma o viñemos facendo: de forma rigorosa porque aquí non valen experimentos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51893
Data envío: 25/06/2019 14:13:12.693

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:13:08

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47183**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas dos bateiros referidas á modificación do proxecto de construción de pantaláns no porto de Cabo de Cruz tendo en conta a realidade actual das embarcacións, as causas das reiteradas demoras e o prazo previsto para a súa execución”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 16 de abril de 2019 polo presidente do ente público Portos de Galicia, a través da iniciativa 47181. Pode consultar o arquivo audiovisual premendo na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2019-04-16?part=ad25e987-354b-4b05-8103-264b39bd172f&start=117>

O proxecto para a dotación de prazas de amarre para embarcacións de 4ª lista no peirao de Cabo de Cruz, no Concello coruñés de Boiro, foi licitado por un importe de 5,9 millóns de euros e conta cun prazo de execución de 16 meses. Contará con preto de 100 prazas de amarre.

Esta actuación permitirá á flota bateeira de Cabo de Cruz contar cunhas instalacións acorde á relevancia da súa actividade e que mellorarán as condicións de traballo dos homes e mulleres do mar, que é a nosa prioridade permanente. Así mesmo, no 2017 investimos tamén en Cabo de Cruz un total de 700.000 euros na creación de 125 prazas de amarre para o embarcacións pesqueiras, polo que estamos a falar de máis de 6 millóns de euros nos últimos exercicios para melloras en Cabo de Cruz”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51892
Data envío: 25/06/2019 14:13:05.099

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:13:00

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **47187**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación dos bancos de libre marisqueo na ría de Arousa”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que sobre este asunto remítese á resposta dada na Comisión 8ª do pasado 7 de xuño de 2019 pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, a través da iniciativa 47188. Pode consultar o arquivo audiovisual premendo na seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2019-06-07?part=22b363d5-7268-4926-873c-c599ab2a6f09&start=2608>

A Consellería do Mar contribuíu nos últimos dous anos á mellora da produtividade dos bancos marisqueiros de Galicia mediante a rexeneración de máis de 700.000 metros cadrados de superficie só a través de proxectos colectivos para a conservación e restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños.

No ano 2017 a superficie rexenerada no marco destas accións superou os 384.000 metros cadrados e en 2018 roldou os 326.000 metros cadrados. Estes traballos súmanse a outras actuacións coas que o Executivo galego leva rexenerados máis de 12,5 millóns de metros cadrados de zonas de traballo nos últimos dez anos.

As principais actuacións realizadas no marco destas convocatorias de axudas para proxectos colectivos son a rexeneración do substrato mediante a súa descompactación e a emenda de sedimento con aporte de áridos así como a sementeira con especies marisqueiras autóctonas. Tamén inclúen a limpeza e eliminación de residuos antropoxénicos e de especies exóticas invasoras prexudiciais para os hábitats e as especies marisqueiras.



En canto á produción dos bancos marisqueiros da ría de Arousa, salientar que as descargas rexistradas entre outubro de 2018 e abril de 2019 ratifican a recuperación da produción das distintas especies de ameixa desde a campaña 2014-2015, que estivo lastrada pola elevada mortalidade causada nos Lombos do Ulla polas fortes choivas e as riadas. A produción desta última campaña acadou as 446 toneladas de bivalvos e 3,2 millóns de euros facturados en primeira venda.

Non obstante, matizar que non se pode falar en sentido estrito de campaña de libre marisqueo 2018-2019, pois este ano entrou en vigor o plan de explotación da Asociación de Rañeiros/as da Ría de Arousa para desenvolver a súa actividade nos bancos dos Lombos do Ulla, Cabío e Boído, mentres que o resto de zonas quedan sometidas ás normas de explotación do libre marisqueo.

Por último, este Departamento está a traballar noutras accións para mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros na ría de Arousa con inversións de máis dun millón de euros que inclúen ata oito accións de investigación aprobadas para mellorar a produción de berberecho e loitar contra a marteillose, o parasito que provoca unha elevada mortalidade deste bivalvo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 17:00:12
Nº Rexistro: 51953
Data envío: 26/06/2019 17:00:12.851

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2019 17:00:05

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **47326**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo, don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona María Luisa Pierres López, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á necesidade de darlle a máxima prioridade ao arranxo da estrada PO-234, no concello de Ponte Caldelas, así como as actuacións previstas respecto da proposta do Concello para a construción dunha senda peonil-ciclista entre o pobo de Laxoso e Ponte Caldelas”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Para a mellora da estrada PO-234 a Administración autonómica preveu a execución das obras en tres fases.

Unha primeira, a mellora da estrada entre os puntos quilométricos 4+150 (Cruce de Portasouto) e 6+840 (Aguasantas), cunha lonxitude de case 2,7 km, nos termos municipais de Ponte Caldelas e Cerdedo-Cotobade, xa rematada e á disposición de veciños e usuarios. Os traballos consistiron na ampliación da calzada ata os 7 metros de ancho, con dous carrís de 3 metros e beiravías de 0,5 metros, ademais da construción de gabias de seguridade e o reforzo da seguridade viaria nas interseccións.

Unha segunda fase, para a mellora da PO-234 entre os puntos quilométricos 0+420 e 2+580, cunha lonxitude de algo máis de 2 km. Esta actuación desenvólvese na súa totalidade no termo municipal de Ponte Caldelas, desde o final da travesía de Ponte Caldelas ata a entrada de Laxoso.

Os traballos inclúen mellorar puntualmente o trazado, ampliar a calzada ata os 7 metros, mellorar as interseccións con viarios públicos, repoñer toda a sinalización horizontal e vertical e as barreiras de seguridade flexibles e acondicionar os accesos a tres camiños con dobre tratamento superficial. A sección tipo está formada por dous carrís de 3 metros de anchura e beiravías de



0,5 metros. Nalgunhas zonas puntuais realizarase unha corrección do trazado, incrementando os radios das curvas para mellorar a seguridade viaria.

O proxecto foi licitado o 6 de marzo por un importe de preto de 650.000 euros. Ademais, a Xunta convocou, os días 11, 12 e 13 de xuño aos titulares dos terreos afectados polas obras de mellora da estrada neste treito, entre Ponte Caldelas e Laxoso, para o pagamento dos depósitos previos.

A mellora da PO-234 completárase cunha terceira fase, que se desenvolverá entre os puntos quilométricos 2+580 (Laxoso) e 4+150 (Cruce de Portasouto)".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 17:00:01
Nº Rexistro: 51952
Data envío: 26/06/2019 17:00:01.366

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2019 16:59:57

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47344**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para o cumprimento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia referida á transferencia á empresa Ferroatlántica da concesión de aproveitamentos hidroeléctricos e a segregación das súas actividades de produción de enerxía eléctrica e de ferroaleacións”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 47343 que tivo lugar na sesión plenaria do 12 de xuño de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-06-12?part=5e197c67-db57-4884-8e4b-b7e18ac685c7&start=919>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51891
Data envío: 25/06/2019 14:12:56.537

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:12:53

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 48145**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Veroa e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo para non atender as reclamacións dunha veciña de Quiroga referidas á necesidade de axilizar a intervención cirúrxica que precisa para evitar quedar nunha cadeira de rodas e as actuacións previstas polo Sergas ao respecto”**, (publicada no BOPG número 456 do 4 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As citas danse sempre tendo en conta a valoración do facultativo que a solicita, xa que en función da patoloxía ou situación clínica de cada paciente, o especialista determina a prioridade na súa atención.

O Servizo de Atención ao Paciente, tanto do HULA como do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, atende todas as reclamacións presentadas polos usuarios, revisando cada caso e se así o consideran necesario, reprogramando aquelas citas que inicialmente non se axustan aos criterios de tempo de espera considerados axeitados para a patoloxía do paciente.

Os servizos hospitalarios programan a distinta actividade que neles se desenvolve: atención hospitalaria, cirurxías programadas, consultas externas, etc. Dita actividade, ten que ser coordinada coas libranzas correspondentes de garda, vacacións, ITs e outras incidencias.

Nalgunhas ocasións, prodúcense situacións imprevistas (Its, ausencias de persoal....) que obrigan necesariamente a modificar a actividade prevista para ese día e reprogramar consultas ou outra actividade asistencial.

En todo caso, as citas que hai que cambiar, sexa polo motivo que sexa, son reprogramadas no menor tempo posible e, ademais, a curto prazo é máis fácil poder axustar, maioritariamente e de forma global estes cambios nas citas e, nalgúns casos, adiantalas.

A necesidade de intervir ou non intervir cirurxicamente a un paciente nos servizos do hospital,



vén determinada, única e exclusivamente, pola súa patoloxía e situación clínica, e non por criterios de idade.

O alcance dunha patoloxía e a situación clínica, como non pode ser doutra forma, é comunicada á paciente a que se lle informou puntualmente da súa evolución ou do curso da súa patoloxía”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51890
Data envío: 25/06/2019 14:12:49.584

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:12:45

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 48196**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela, sobre **“a opinión da Xunta de Galicia referida á existencia de conflitividade en relación coa extracción da mexilla entre colectivos de percebeiros e bateeiros dedicados ao mexillón, así como as actuacións previstas para fomentar o consenso e acordo entre os colectivos que presentan intereses diversos ao respecto”**, (publicada no BOPG número 456 do 4 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A extracción de semente de mexillón (mexilla) en bancos naturais está regulada polo Decreto 406/1993 (modificado polo Decreto 338/1998) e pola Orde de 26 de outubro de 2000

Esta normativa, en vigor desde hai anos:

- Establece un procedemento que permite controlar aos que son individualmente autorizados para a extracción, tendo que ser directamente titulares de bateas ou quen estea unido a eles por relación laboral.
- Para extraer mexilla é preciso estar en disposición dunha autorización nominal que concede a Xunta de Galicia.
- Ademais permite o establecemento de convenios entre as confrarías e os bateeiros para que sexan as confrarías as que fagan a recollida de mexilla, de feito existen varios convenios xa firmados.
- Establece as condicións para traballar, especifica as zonas para exercer esta actividade e permite a convivencia entre a extracción de mexilla e a de percebe.

En resumo, a normativa establece os requisitos e condicións e debe cumprirse e o Servizo de Gardacostas é o que vela polo seu cumprimento, estando atentos ás denuncias efectuadas polo sector.

A Consellería do Mar analizou a situación xunto cos dous sectores e tense ofrecido a mediar



para buscar liñas de entendemento e beneficio mutuo, xa que o noso obxectivo non é outro que as partes cheguen a un acordo.

En todo caso, non poderemos posicionarnos neste asunto, senón e actuar de xeito neutral”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51889
Data envío: 25/06/2019 14:12:35.381

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:12:32

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 48359**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego referida á posibilidade de cumprimento dos obxectivos establecidos pola Unión Europea en materia de reciclaxe de residuos municipais e implantación polos concellos dunha recollida selectiva do lixo orgánico, os mecanismos previstos para o seu alcance e a data estimada para aposta en funcionamento das once plantas de compostaxe e envases lixeiros previstas no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia”**, (publicada no BOPG número 459 do 10 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está comprometida a alcanzar os máis altos niveis de reciclaxe esixidos por Europa. En todo caso, cómpre lembrar que as entidades municipais ostentan a competencia sobre recollida e tratamento dos residuos de orixe doméstica e tamén son as que deciden que sistema de xestión é o máis axeitado para o seu territorio.

O Goberno galego ten intención de ir facendo realidade e apoiar a posta en marcha das plantas de compostaxe previstas no PXRUG. Non obstante, é preciso sinalar que esta previsión non implica que a Xunta de Galicia asuma a responsabilidade do financiamento e posta en marcha destas instalacións.

Pola súa banda, a Xunta xa puxo en marcha a maior das plantas de compostaxe previstas no PXRUG, cunha capacidade de tratamento de 15.000 toneladas por ano”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51895
Data envío: 25/06/2019 14:39:35.287

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:39:26

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 48565**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as razóns do baixo nivel de execución orzamentaria que presenta no ano 2018 o programa 723A da Consellería do Mar, de mellora da calidade produtiva pesqueira e da acuicultura, a súa incidencia no alcance dos obxectivos fixados en materia de relevo xeracional, así como dos reflectidos no Plan estratéxico de Galicia”**, (publicada no BOPG número 459 do 10 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa que o programa **723A** está destinado a mellorar a competitividade e mellora da calidade da produción pesqueira e da acuicultura. Está focalizada, concretamente, en axudas á transformación, acuicultura e melloras a bordo.

No que respecta ao relevo xeracional, entendido como melloras a bordo, é un montante menor dentro do programa. Temos que sinalar que entre 2016 e 2017 atendéronse a totalidade dos proxectos presentados, isto é, un total de 118 proxectos, non quedando nin un fóra dos que cumprían as condicións.

No ano 2016 destináronse 900.000 € e presentáronse un total de 66 solicitudes, para axudas a investimentos que melloren a hixiene a bordo, a seguridade e que busquen a mellora das condicións laborais.

Con respecto ao ano 2017, destináronse 272.000 €, e presentándose só 52 solicitudes, por un importe total de inversión de 1,5 M €.

Para 2018, este Departamento dedicou preto de 1 millóns de euros, logo dunha ampliación de crédito, sendo inicialmente de 571.000 euros e ampliándose en máis de 467.000 euros.

En todo caso, a Consellería do Mar ampliou nun 3,9% os fondos destinados a este programa nos orzamentos de 2018 con respecto a 2017, así como un 5% nos orzamentos de 2019, o que suporá un incremento dun 135% desde 2015.



Sobre este asunto cabe lembrar que o grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia rexistrou emendas parciais para os orzamentos de 2018 que demandaban rebaixar as contías de diversas partidas deste programa en 23,7 M€, o que en termo porcentuais representaría un 37% do total”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51888
Data envío: 25/06/2019 14:12:28.287

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:12:24

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **48574**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“as razóns da Consellería do Mar para deixar sen executar no ano 2018 a metade dos fondos do programa orzamentario 723C denominado “Desenvolvemento sostible das zonas de pesca”**”, (publicada no BOPG número 459 do 10 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No relativo ao capítulo 723 C dos orzamentos, cabe lembrar que foi este goberno, en 2009, quen lle deu un impulso a esta área de traballo, para a diversificación e desenvolvemento das zonas costeiras, en primeiro lugar, constituíndo os grupos GAC, que non tiñan sido constituídos. En segundo lugar, no período 2009/2018, este goberno foi quen de aprobar os seguintes proxectos:

- Durante o denominado período FEP, que abrangue os anos 2010 a 2014, e unha vez constituídos os GAC, aprobáronse un total de 426 proxectos por un investimento total de 27,2 millóns de euros. A boa acollida deste fondo tradúcese na súa importante execución financeira, que acadou nese período FEP un 75% e nalgúns zonas chegou arredor do 90%.

- No que respecta ao período do FEMP, coa constitución dos GALP, foron aprobados ata o de agora un total de 301 proxectos cunha achega pública de máis de 19 millóns de euros, que conseguiron mobilizar case 43 millóns de euros de inversión.

O financiamento público previsto para este período quedou fixado en 52.687.058 euros, polo que a fins de 2018 o grao de execución financeira era xa do 43%”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 16:59:54
Nº Rexistro: 51951
Data envío: 26/06/2019 16:59:54.148

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2019 16:59:37

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49187**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia das medidas en materia de medio ambiente inseridas no programa electoral dun partido político para as eleccións xerais de 2019, así como a necesidade de modificar a gobernanza da auga para converter o dereito ao seu acceso nun dereito humano”**, (publicada no BOPG número 465 do 23 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Sen dúbida algunha, o fomento dunha maior e mellor calidade ambiental é unha obriga das Administracións que teñen competencia nesta materia.

Cómpre sinalar, que a sustentabilidade ambiental vai máis alá dos ámbitos do cambio climático e da protección da biodiversidade, tal e como recolle a Axenda 2030.

A Axenda 2030 é unha resolución na que se recoñece que o maior desafío do mundo actual é a erradicación da pobreza e afirma que sen lograla non pode haber desenvolvemento sustentable. Trátase dun plan de acción a favor das persoas, o planeta e a prosperidade. Está integrada por 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) e 169 metas de carácter integrado e indivisible, que abarcan as esferas económica, social e ambiental.

A Axenda 2030 é unha folla de ruta ineludible e presenta unha oportunidade única para establecer un novo enfoque e levar a cabo as transformacións necesarias para alcanzar un mundo máis sustentable, poñendo en marcha unha serie de iniciativas e tomando un claro liderado na difusión e o seguimento dos ODS, así como da súa implementación en Galicia.

Cómpre lembrar, por último, que a normativa básica en materia de réxime local, Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local así como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e a normativa sectorial en materia de augas, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, atribúe aos concellos a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais. Outórgalles as atribucións en



materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais, e establece tamén esta normativa, como servizos que todo concello debe prestar, por si mesmo ou asociado, entre outros, o de abastecemento domiciliario de auga potable e alcantarillado.

A Administración autonómica non pode interferir nas competencias da Administración local limitando a súa capacidade de actuación, vulnerando a garantía constitucional da autonomía local e a distribución de competencias establecida. Non obstante, si ten como atribución importante o apoio ás administración locais, e colabora e axuda para un desenvolvemento máis eficaz destas competencias municipais.

A Administración hidráulica de Galicia ten atribucións respecto do control dos recursos hídricos en períodos de seca hidrolóxica (non ten atribucións en relación coas infraestruturas). O obxectivo principal da súa xestión nestes períodos é adoptar as medidas axeitadas para garantir os usos prioritarios de acordo co establecido na normativa, fundamentalmente o abastecemento á poboación e a minimización dos efectos negativos sobre o medio natural, establecendo medidas, de ser o caso, que protexan a flora e a fauna fluvial.

Galicia conta, para o exercicio das súas competencias, coa súa normativa de planificación hidrolóxica, o Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa do ciclo 2015-2021, que foi elaborado por Augas de Galicia, para dar cumprimento á Directiva Marco da Auga e aprobado por Real Decreto 11/2016, do 8 de xaneiro. Este plan constitúe a ferramenta de planificación, xestión e ordenación dos recursos hídricos de Galicia-Costa e define a política a seguir durante estes anos en materia de augas, que ten como obxectivos fundamentais acadar o bo estado das masas de auga e promover o seu uso sostible, e satisfacer axeitadamente as demandas de auga en equilibrio co medio ambiente.

Galicia dispón tamén dun instrumento máis específico que lle permite á Administración autonómica, ante un episodio concreto de seca, a identificación, avaliación, seguimento, toma de decisións e posterior adopción de medidas precisas de cara a minimizar os efectos adversos dunha situación de seca. Este instrumento é o Plan de seca da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, que recolle as medidas correctoras en relación coa utilización dos recursos hídricos ao obxecto de intensificar o aforro e acadar un aproveitamento aínda máis eficiente da auga ata que os recursos superficiais, subterráneos e as reservas encoradas recuperen os niveis necesarios; así como a fin de asegurar ao máximo os usos da auga para o abastecemento de poboacións e outros usos declarados prioritarios pola normativa.





Os documentos de planificación referidos foron elaborados tendo en conta as circunstancias e condicionantes do momento, con toda a información da que se dispoñía, coa participación de todas as administracións públicas implicadas e coas achegas recibidas durante os distintos procesos de participación pública.

A preocupación polo estudo sobre o impacto ambiental e o cambio climático nos recursos hídricos é xeneralizada e estase a traballar e a analizar desde todos os ámbitos, a nivel europeo, estatal, autonómico e local. A incorporación e adecuación dos instrumentos de planificación aos escenarios futuros deberase realizar de xeito coordinado, segundo as directrices sinaladas na normativa e nos prazos que esta dita. Desde a Xunta de Galicia trabállase para acadar esta adaptación mediante a revisión da planificación polo procedemento establecido e en coordinación coas demais administracións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 16:59:33
Nº Rexistro: 51950
Data envío: 26/06/2019 16:59:33.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2019 16:59:30

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49209**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as supostas irregularidades existentes no concello das Somozas en materia ambiental e a realización por parte do Goberno galego de inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos e nos produtos que saen delas, así como as actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia en relación coas denuncias realizadas ao respecto nos últimos catro anos”**, (publicada no BOPG número 465 do 23 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda realiza inspeccións periódicas nas empresas xestoras de residuos situadas no concello das Somozas, tanto dentro do seu marco competencial como as incluídas nos vixentes plan e programa de inspección ambiental de Galicia.

Como non pode ser doutro xeito, o Goberno galego aplica a seguirá aplicando a legalidade ante as posibles irregularidades que se poidan constatar nestas inspeccións. Todo isto a través dun estreito control e seguimento por parte da Xunta de Galicia.

Cómpre sinalar, ademais, que por parte da área de vertidos de Augas de Galicia lévanse a cabo inspeccións periódicas nas instalacións industriais localizadas no concello das Somozas, así como revisións da rede fluvial deste concello. Augas de Galicia realiza inspeccións planificadas cunha periodicidade mínima anual, ademais doutros controis e/ou inspeccións motivados por alertas, denuncias, afección no medio receptor, etc.

Desde o ano 2018, realizáronse 12 inspeccións ás instalacións industriais e como control do medio receptor río Mera, entre os controis rutineiros planificados e as alertas e denuncias recibidas. No transcurso destas inspeccións recolléronse mostras dos vertidos xerados desde as instalacións industriais e realizáronse numerosas determinacións in situ de diversos parámetros, tanto en vertidos como en medio receptor.



Nas inspeccións efectuadas no ano 2018 detectáronse diversos incumprimentos, que derivaron en diferentes expedientes sancionadores ás empresas en materia de vertidos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 17:02:25
Nº Rexistro: 51954
Data envío: 26/06/2019 17:02:25.710

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2019 17:02:21

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 16:58:17
Nº Rexistro: 51949
Data envío: 26/06/2019 16:58:17.195
Data: 26/06/2019 16:58

g o i l i c i a

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **49253**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outras/os deputadas/os do mesmo grupo, sobre **“o nivel de execución por parte do Goberno galego dos recursos procedentes do Fondo Europeo Marítimo e da Pesca nos anos 2017 e 2018”**, (publicada no BOPG número 470 do 30 de abril de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Este asunto foi contestado na Comisión 8ª do pasado venres, 7 de xuño de 2019, pola Secretaria Xeral Técnica da Consellería, a través da iniciativa 49251. Pode consultarse o arquivo audiovisual premendo a seguinte ligazón:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/comision-8-pesca-marisqueo-2019-06-07?part=22b363d5-7268-4926-873c-c599ab2a6f09&start=4186>

En todo caso sinalar que Galicia é a comunidade autónoma que, con diferenza, lidera en termos absolutos a execución do FEMP por autonomías, no conxunto do Estado.

Neste sentido, a Consellería do Mar puxo a disposición do sector preto de 142 millóns de euros ata o ano 2018, principalmente mediante a convocatoria de axudas.

Este instrumento financeiro ten vixencia desde o ano 2014 ata 2020 ao que hai que sumar outros tres anos pola aplicación da regra $n+3$.

Non obstante, non se puido levar a cabo unha execución significativa do FEMP ata mediados de 2016 debido á demora da publicación do regulamento europeo que rexe este fondo, que trouxo como consecuencia o retraso da aprobación por parte do Ministerio do Programa



Xacobeo 2021

Páxina 1 de 2

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS
INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las
26/06/2019 16:58:14

165368



Operativo e dos criterios de selección das ordes de axuda das distintas comunidades autónomas con cargo ao FEMP”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 16:58:17
Nº Rexistro: 51949
Data envío: 26/06/2019 16:58:17.195

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2019 16:58:14

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49560**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da modificación do prego de condicións técnicas do novo concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente terrestre, de xeito que se manteña a dotación de dous técnicos de emerxencias sanitarias na ambulancia medicalizada de Foz, así como o restablecemento do seu horario de vinte e catro horas”**, (publicada no BOPG número 474 do 7 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta número 50029 que tivo lugar no pleno do 29 de maio de 2019 e que estaba formulada polo mesmo grupo parlamentario.

Tal intervención pode consultarse en:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-05-29?part=89c526cc-c1af-4e0e-8967-fdbf037a6387&start=8044>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51886
Data envío: 25/06/2019 14:12:00.584

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:11:57

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49547**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Concepción Burgo López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para dotar o servizo de ambulancias medicalizadas de Monforte de Lemos dun técnico de emerxencias menos que no resto de Galicia, no prego de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de transporte sanitario urxente”**, (publicada no BOPG número 474 do 7 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia-061 (en adiante FPUSG-061) é o servizo encargado da atención ás urxencias e ás emerxencias extrahospitalarias na Comunidade Autónoma de Galicia. Na súa carta de servizos inclúe a prestación de asistencia e transporte sanitario mediante dispositivos da rede de transporte sanitario urxente de Galicia.

A xestión e coordinación da atención e transporte sanitario urxente de soporte vital básico e avanzado, tal e como se recolle nos seus Estatutos, é un dos fins da FPUSG-061, e ante a próxima finalización dos contratos do servizo de transporte sanitario urxente actualmente vixentes, con data 29 de abril de 2019 iniciou o expediente de contratación mediante 16 ambulancias asistenciais de soporte vital avanzado (AA-SVA) con dúas versións, 12 AA-SVA con persoal facultativo e 4 AA-SVA con persoal de enfermería, ademais de 107 ambulancias asistenciais de soporte vital básico e 2 ambulancias non asistenciais ambulancias convencionais.

As AA-SVA con base no concello de Foz, Monforte e o Salnés forman parte dun novo modelo asistencial de atención ás urxencias e ás emerxencias que se está a implantar na Comunidade Autónoma de Galicia, que estarán dotadas cun médico, un enfermeiro e un técnico en emerxencias sanitarias.

Estas tres unidades con persoal facultativo, terán entre as súas funcións, de forma prioritaria, dotar a estas tres bisbarras dun recurso de resposta inmediata para os traslados dos doentes atendidos nos hospitais comarcais correspondentes (Hospital da Mariña, Hospital de Monforte e Hospital do Salnés), que teñan sufrido patoloxías tempodependentes como un infarto agudo de



miocardio, un ictus ou unha seps e que poidan beneficiarse dos programas, que o Servizo Galego de Saúde, ten desenvolvidos, como o Progaliem, o Plan ictus ou o Código seps.

Trasladarán, tamén, a outros hospitais galegos a todos aqueles pacientes críticos urxentes destes hospitais comarcais que necesiten continuidade máis especializada dos seus coidados ou ben a realización de probas diagnósticas especiais. A dotación de tres profesionais, entre os que contamos con persoal de enfermería e persoal facultativo, garante a atención e o manexo de calquera tipo de doente en situación crítica, ademais de aumentar a supervivencia dos pacientes que sufran un infarto agudo de miocardio, un ictus ou mesmo unha parada cardiorrespiratoria.

Precisamente, outras comunidades autónomas, como Euskadi, Illas Baleares, Andalucía, Cataluña, Illas Canarias, Murcia, Valencia e Madrid, levan tempo traballando na atención ás urxencias e ás emerxencias sanitarias con este mesmo modelo coa mesma dotación de persoal, cuns resultados que avalan a calidade asistencial na atención a calquera tipo de patoloxía urxente extrahospitalaria e interhospitalaria.

A incorporación deste modelo responde aos estudos, que a FPUSG-061 realiza periodicamente, para manter e mellorar a calidade organizativa e asistencial do servizo e que están baseados no tipo de servizos realizados e nas recomendacións e estudos científicos que avalan a calidade asistencial en calquera tipo de patoloxía urxente interhospitalaria e extrahospitalaria realizada coa dotación de recursos humanos contemplada”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51887
Data envío: 25/06/2019 14:12:20.881

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:12:08

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49604**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a actividade desenvolvida polo Observatorio do Solo Empresarial, a súa avaliación respecto das necesidades do sector e as propostas de actuación elaboradas nos distintos parques empresariais de Galicia, así como a publicación dos seus informes periódicos e os datos referidos á iniciativa denominada Concellos Doing Business Galicia”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada polas **Consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e a de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Observatorio de Solo Empresarial, que dependerá do Instituto Galego da Vivenda e Solo (IGVS), está actualmente en fase de constitución. Polo que respecta á centralización da información sobre o solo empresarial dispoñible en Galicia, sexa quen sexa o promotor, realizarase a través do Censo de Solo Empresarial, que tamén será creado polo IGVS.

O Consello da Xunta celebrado o pasado 23 de maio de 2019 autorizou o inicio da tramitación do anteproxecto do decreto polo que se regulará o Censo de Solo Empresarial de Galicia, que ten como finalidade coñecer o solo empresarial realmente dispoñible en Galicia, sexa quen sexa o promotor, e o grao de ocupación das áreas empresariais existentes na comunidade autónoma, co obxecto de que sexa un instrumento de avaliación, planificación e actualización das necesidades de solo empresarial para impulsar desenvolvementos eficientes e social e medioambientalmente sostibles.

No censo será obrigatoria a inscrición de todas as áreas empresariais existentes en Galicia que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización. Tamén será obrigatoria a inscrición das áreas previstas para o seu inmediato desenvolvemento. A obriga comprende todas as áreas empresariais independentemente de que sexan propiedade de persoas físicas ou xurídicas, promotoras públicas ou privadas e con independencia de onde teñan o seu domicilio social.

En canto aos concellos que aparecen publicados na páxina web da Xunta de Galicia,



concretamente no enlace:

http://ceei.xunta.gal/recursos/temas-de-interese?content=topic_0109.html, indicar que contan todos eles coa condición de Concello Doing Business Galicia, segundo o establecido no Protocolo Xeral de Actuación entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para fomentar a implantación e fixación de empresas en Galicia mediante a creación da iniciativa 'Concellos Doing Business Galicia-Concello Emprendedor'. Na actualidade a súa cifra ascende a 122.

Con respecto á actividade da marca territorial asociada á Oficina Doing Business, cómpre sinalar que desde a súa creación por medio da Orde do 14 de xaneiro de 2016 pola que se crea a Oficina Doing Business en Galicia Galicia e se dá publicidade aos modelos de propostas para a mellora da regulación económica e de comunicación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial, a oficina recibiu máis de 30 solicitudes que supoñen un investimento aproximado de 535 millóns de euros”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/06/2019 16:58:05
Nº Rexistro: 51948
Data envío: 26/06/2019 16:58:05.038

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/06/2019 16:57:43

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49734**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Vázquez Verao, sobre **“a atención prestada nos servizos de Traumatoloxía e Neurocirurxía da Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Lugo e unha veciña de Quiroga que pode quedar en cadeira de rodas”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“As citas danse sempre tendo en conta a valoración do facultativo que a solicita, xa que en función da patoloxía ou situación clínica de cada paciente, o especialista determina a prioridade na súa atención.

O Servizo de Atención ao Paciente, tanto do HULA como do Hospital Comarcal de Monforte de Lemos, atende todas as reclamacións presentadas polos usuarios, revisando cada caso e se así o consideran necesario, reprogramando aquelas citas que inicialmente non se axustan aos criterios de tempo de espera considerados axeitados para a patoloxía do paciente.

Os servizos hospitalarios programan a distinta actividade que neles se desenvolve: atención hospitalaria, cirurxías programadas, consultas externas, etc. Dita actividade, ten que ser coordinada coas libranzas correspondentes de garda, vacacións, ITs e outras incidencias.

Nalgunhas ocasións, prodúcense situacións imprevistas (Its, ausencias de persoal....) que obrigan necesariamente a modificar a actividade prevista para ese día e reprogramar consultas ou outra actividade asistencial.

En todo caso, as citas que hai que cambiar, sexa polo motivo que sexa, son reprogramadas no menor tempo posible e, ademais, a curto prazo é máis fácil poder axustar, maioritariamente e de forma global estes cambios nas citas e, nalgúns casos, adiantalas.

A necesidade de intervir ou non intervir cirurxicamente a un paciente nos servizos do hospital, vén determinada, única e exclusivamente, pola súa patoloxía e situación clínica, e non por criterios de idade.

O alcance dunha patoloxía e a situación clínica, como non pode ser doutra forma, é comunicada



á paciente a que se lle informou puntualmente da súa evolución ou do curso da súa patoloxía”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51885
Data envío: 25/06/2019 14:11:53.803

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:11:50

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49750**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“os datos referidos as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo en Fisterra nos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Gardacostas de Galicia na Zona 3, comprendida entre o Sur de Malpica ata Fisterra, nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018:

COSTA DA MORTE	2015	2016	2017	2018	TOTAL
INSPECCIÓNS	867	821	513	516	2.717
INFRACCIÓNS	200	215	173	202	790
DECOMISOS	8.578	1.924	1.606	8.358	20.466
INCAUTACIÓNS	1.056	1.245	984	775	4.060



Por outra banda, no que respecta ás previsións operativas para este ano, o Servizo de Gardacostas de Galicia continuará atallando esta lacra conxuntamente e en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do estado, policía locais e xunto cos 135 gardapescas das confrarías de pescadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51884
Data envío: 25/06/2019 14:11:40.537

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:11:37

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49751**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“os datos referidos as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Costa da Morte nos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Gardacostas de Galicia na Zona 3, comprendida entre o Sur de Malpica ata Fisterra, nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018:

COSTA DA MORTE	2015	2016	2017	2018	TOTAL
INSPECCIÓNS	867	821	513	516	2.717
INFRACCIÓNS	200	215	173	202	790
DECOMISOS	8.578	1.924	1.606	8.358	20.466
INCAUTACIÓNS	1.056	1.245	984	775	4.060



Por outra banda, no que respecta ás previsións operativas para este ano, o Servizo de Gardacostas de Galicia continuará atallando esta lacra conxuntamente e en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do estado, policía locais e xunto cos 135 gardapescas das confrarías de pescadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51883
Data envío: 25/06/2019 14:11:33.568

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:11:30

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49752**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“os datos referidos as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Coruña-Ferrol nos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Gardacostas de Galicia na Zona 2, que inclúe Coruña e Ferrol, xunto ás súas áreas de influencia, nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018:

CORUÑA-FERROL	2015	2016	2017	2018	TOTAL
INSPECCIÓNS	2.463	2.451	2.173	2.016	9.103
INFRACCIÓNS	558	605	490	413	2.066
DECOMISOS	33.556	6.476	2.983	210.494	253.509
INCAUTACIÓNS	1.392	1429	1.227	1.860	5.908



Por outra banda, no que respecta ás previsións operativas para este ano, o Servizo de Gardacostas de Galicia continuará atallando esta lacra conxuntamente e en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do estado, policía locais e xunto cos 135 gardapescas das confrarías de pescadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51882
Data envío: 25/06/2019 14:11:26.428

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:11:22

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49754**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“os datos referidos as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo en Cedeira nos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Gardacostas de Galicia na Zona 1, que inclúe A Mariña e Cedeira, nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018:

A MARIÑA-CEDEIRA	2015	2016	2017	2018	TOTAL
INSPECCIÓNS	1.076	1.311	1.230	1.231	4.848
INFRACCIÓNS	135	98	94	72	399
DECOMISOS	14.627	1.171	2.248	4.169	22.215
INCAUTACIÓNS	93	222	179	161	655



Por outra banda, no que respecta ás previsións operativas para este ano, o Servizo de Gardacostas de Galicia continuará atallando esta lacra conxuntamente e en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do estado, policía locais e xunto cos 135 gardapescas das confrarías de pescadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51881
Data envío: 25/06/2019 14:11:19.224

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:11:15

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49755**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“os datos referidos as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Mariña nos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Gardacostas de Galicia na Zona 1, que inclúe A Mariña e Cedeira, nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018:

A MARIÑA-CEDEIRA	2015	2016	2017	2018	TOTAL
INSPECCIÓNS	1.076	1.311	1.230	1.231	4.848
INFRACCIÓNS	135	98	94	72	399
DECOMISOS	14.627	1.171	2.248	4.169	22.215
INCAUTACIÓNS	93	222	179	161	655



Por outra banda, no que respecta ás previsións operativas para este ano, o Servizo de Gardacostas de Galicia continuará atallando esta lacra conxuntamente e en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do estado, policía locais e xunto cos 135 gardapescas das confrarías de pescadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51880
Data envío: 25/06/2019 14:11:11.740

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:11:01

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49800**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o prazo e as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as carencias de persoal e de recursos materiais que hai no Hospital Comarcal de Verín”**, (publicada no BOPG número 477 do 15 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Desde a Consellería de Sanidade traballamos para atender ás necesidades e resolver os problemas dos pacientes no lugar máis próximo á súa residencia. Por iso reforzamos os Hospitais Comarcais, mellorando a súa capacidade de resolución, e os servizos que prestan.

No Hospital de Verín mantéñense todas as especialidades desde súa apertura en 1994, e ademais contamos con novas consultas e probas de Psiquiatría, Uroloxía, Dixestivo, Endocrinoloxía, Neuroloxía, Oncoloxía Médica, Reumatoloxía e Cardioloxía.

É dicir, estas consultas e probas fanse en Verín, sen que os pacientes teñan que desprazarse ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da área sanitaria, e que segue mellorando en resultados asistenciais e en desprazamentos evitados.

Cando se puxo en marcha o hospital este contaba cun cadro de persoal de 140 traballadores, que se mantivo con pouca evolución ata xaneiro de 2009, data da extinción das fundacións sanitarias en Galicia. Naquel momento, o Hospital de Verín contaba con 154 traballadores, que se homologaron, como persoal estatutario do Sergas, pasando, tan só dez anos despois, ata 213, o que supón un incremento do 38% en tan só dez anos pese a progresiva redución da poboación.

Polo que se refire ao servizo de Pediatría enviouse anuncio ao DOGA para a cobertura de dúas prazas de pediatría para o hospital.



Nos últimos meses tense planificado distintas actuacións en obras e equipamentos no Hospital de Verín”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51879
Data envío: 25/06/2019 14:10:57.068

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:10:51

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 49832**, formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“os datos referidos as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego contra o furtivismo na Mariña nos 2015, 2016, 2017 e 2018, así como as previstas para o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar informa das actuacións levadas a cabo polo Servizo de Gardacostas de Galicia na Zona 6 - Ría de Pontevedra nos anos 2015, 2016, 2017 e 2018:

RÍA PONTEVEDRA	2015	2016	2017	2018	TOTAL
INSPECCIÓNS	746	781	575	710	2.812
INFRACCIÓNS	321	280	266	327	1.194
DECOMISOS	2.563	7.443	31.475	8.921	50.402
INCAUTACIÓNS	2.755	4.022	5.744	5.076	17.597

Por outra banda, no que respecta ás previsións operativas para este ano, o Servizo de



Gardacostas de Galicia continuará atallando esta lacra conxuntamente e en coordinación coas forzas e corpos de seguridade do estado, policía locais e xunto cos 135 gardapescas das confrarías de pescadores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51878
Data envío: 25/06/2019 14:10:47.662

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:10:44

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51877

Data envío: 25/06/2019 14:10:39.912

Data 25/06/2019 14:10

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita número: **49884**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **“a valoración e as medidas concretas previstas pola Xunta de Galicia no ano 2019 respecto dos datos referidos á baixada das vendas de produtos pesqueiros nas lonxas galegas no ano 2018, así como ao baixo nivel de crecemento que tiveron as exportacións de peixes e de crustáceos, de moluscos e doutros invertebrados acuáticos en relación con outros anos”**, (publicada no BOPG número 479 do 22 de maio de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O prezo medio das descargas de produtos pesqueiros frescos realizada o ano pasado nas lonxas e centros autorizados de Galicia acadou os 2,8 euros o quilo, o que supón un novo récord da serie histórica, que vai do ano 2002 ao 2018.

Este fito prodúcese despois dun exercicio no que as cotizacións medias subiron un 17% en relación con 2017, no que o prezo medio foi de 2,4 euros o quilo.

Esta mellora no prezo do peixe e do marisco comercializados nas lonxas galegas tamén favoreceu que 2018 sexa o terceiro mellor exercicio en canto a facturación da serie histórica, con case 491 millóns de euros recadados polos centros de primeira venda, só superados polos 508 millóns de 2017 -récord histórico- e os 491 millóns de 2016.

Mentres, as capturas caeron ata as 174.000 toneladas como consecuencia das menores capturas dalgúns recursos por parte da frota galega.

En canto aos grupos de especies comercializadas o ano pasado, máis do 90% da cantidade era peixe, que supuxo unha facturación de preto de 350 millóns de euros.



Xacobeo 2021



Entre o 10% restante destaca o grupo dos bivalvos, que acadou uns ingresos de 86 millóns de euros, o que supón un novo récord histórico para este grupo de produtos e máis do 17% da facturación total das lonxas e centros de primeira venda de Galicia no 2018”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/06/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 51877
Data envío: 25/06/2019 14:10:39.912

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 25/06/2019 14:10:35

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPGRbSS0grtc6

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

